

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 2 DE XULLO DE 2015

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e quince minutos do día dos de xullo de dous mil quince, unha vez finalizada a sesión extraordinaria e urxente convocada ás dezanove horas e corenta e cinco minutos deste mesmo día, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; don Augusto Rey Moreno, dona Leonor Fernández Grande, don Jesús Bao Bouzas, dona M^a Jesús Gómez González e don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión de constitución da nova Corporación e da elección de alcalde de data 13 de xuño de 2015

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión de constitución da nova Corporación e da elección de alcalde do día 13 de xuño de 2015.

Non se formulan alegacións polo que a Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aproba o citado borrador.

2. Coñecemento dos escritos de constitución dos grupos políticos, dos seus integrantes e nomeamento dos voceiros

De conformidade co establecido nos artigos 74 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e artigos 4 e seguintes do Regulamento orgánico municipal, de orde do Sr. alcalde dáse lectura pola secretaria da Corporación aos escritos que de seguido se relacionan:

- da concelleira de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, rexistrado de entrada ao núm. 0/5471 o día 16 de xuño de 2015, no que literalmente se recolle que "*Para o mandato 2015-2019, a constitución no Concello de Cambre do Grupo Municipal Ciudadanos de Cambre (C's), no cal designo como voceira e secretaria a dona María José García Hidalgo ...*". A secretaria da Corporación explica que en realidade a denominación do grupo será a de Grupo Mixto, dado que o artigo 74.4 da Lei de Administración local de Galicia o denomina así, o cal está integrado pola concelleira electa de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía.

- dos concelleiros de UxC, rexistrado de entrada ao núm. 0/5640 o día 18 de xuño de 2015, no que se constitúen como Grupo Municipal de UniónxCambre e nomean voceiro e suplentes. Con data 27 de xuño de 2015 rexístrase de entrada ao núm. 0/6053 escrito no que se modifica a designación de voceiro e suplentes, nomeando como

voceiro titular a don Juan González Leirós, como primeira suplente a dona Elisa Pestonit Barreiros e como segundo suplente a don Ramón Boga Moscoso.

Así mesmo faise constar que, con base no artigo 9.1 do vixente Regulamento orgánico municipal, todos os membros do grupo de UxC se reservan o dereito a intervir na deliberación de calquera tipo de asunto, por razón da materia de que se trate en cada caso, presumíndose a delegación se non houberse manifestación a contrario sensu do voceiro do grupo.

- dos concelleiros do PP, rexistrado de entrada ao núm. 0/5652 o día 18 de xuño de 2015, no que se constitúen como Grupo Municipal Popular. Nomean como voceiro a don Manuel Rivas Caridad, como primeira suplente a dona María Jesús González Roel, como segundo suplente a don Juan María Abalo Castex, como terceira suplente a dona Rocío Vila Díaz, como cuarto suplente a don Manuel M^a Mora y Pita da Veiga e como quinta suplente a dona Marta M^a Vázquez Golpe. Tamén se fai constar que, segundo se recolle no artigo 9.1 do Regulamento orgánico municipal, por razón das materias a exposición dos asuntos, votos particulares, etc., poderá ser delegada a prol doutros membros do grupo.

- dos concelleiros do PSdeG-PSOE, rexistrado de entrada ao núm. 0/5697 o día 18 de xuño de 2015, no que se constitúen como Grupo Municipal dos Socialistas de Cambre. Nomean como voceiro a don Augusto Rey Moreno, como primeiro suplente a don Jesús Bao Bouzas e como segundo suplente a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez.

Así mesmo faise constar que, con base no artigo 9.1 do vixente Regulamento orgánico municipal, todos os membros do Grupo Municipal dos Socialistas de Cambre se reservan o dereito a intervir na deliberación de calquera tipo de asunto, por razón da materia de que se trate en cada caso, presumíndose a delegación para iso se non houberse manifestación a contrario sensu do voceiro do grupo.

- dos concelleiros de Asemblea Cidadá de Cambre-SON, rexistrado de entrada ao núm. 0/5701 o día 18 de xuño de 2015, no que se constitúen como Grupo Municipal de Asemblea Cidadá de Cambre-SON. Nomean como voceira do grupo a dona M^a Olga Santos López e como voceiro suplente a don Antonio Bruquetas Santos.

Así mesmo faise constar que, con base no artigo 9.1 do vixente Regulamento orgánico municipal, os membros do grupo municipal se reservan o dereito a intervir na deliberación de calquera tipo de asunto, por razón da materia de que se trate en cada caso, presumíndose a delegación para iso se non houberse manifestación a contrario sensu do voceiro do grupo.

- dos concelleiros do BNG, rexistrado de entrada ao núm. 0/5756 o día 19 de xuño de 2015, no que se constitúen como Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego. Nomean como voceiro a don Daniel Carballada Rodríguez e como voceiro suplente a don Brais Cubeiro Fernández.

3. Proposta da Alcaldía respecto da periodicidade das sesións do Pleno

Vista a proposta da Alcaldía de data 29 de xuño de 2015 que consta do seguinte teor literal:

“De conformidade co establecido no artigo 41 do Regulamento orgánico municipal, dentro dos trinta días seguintes ao da sesión constitutiva, o alcalde convocará a sesión ou sesións extraordinarias do Pleno da Corporación que sexan precisas, co fin de resolver, entre outros, o seguinte asunto: **Periodicidade das sesións do Pleno.**

O artigo 46.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na nova redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, establece que o Pleno levará a cabo **sesión ordinaria como mínimo cada mes**, nos concellos de municipios de máis de 20.000 habitantes.

O artigo 93 do Regulamento orgánico municipal establece que son sesións ordinarias do Pleno aquelas que teñen unha periodicidade preestablecida por acordo do propio Pleno, e no dito acordo estableceranse os días e horas en que terán lugar as ditas sesións.

En virtude do exposto, propono á Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

O Pleno da Corporación reunirse en sesión ordinaria que terá lugar o último mércores de cada mes, ás 20:00 horas, en primeira convocatoria. Se o citado día fora inhábil, terá lugar o seguinte día hábil, á mesma hora.”

O Sr. alcalde explica que este acordo foi a proposta do BNG, e foi aceptado pola Alcaldía.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que están a prol de que a periodicidade dos plenos sexa mensual, pero non están tan de acordo co cambio de día. Entenden que é tradición dende longo tempo en Cambre que os plenos do concello teñan lugar o último xoves de cada mes. Costume que o grupo do Partido Popular entende que debe se mantida, e vai explicar o por qué.

Explica que os grupos políticos con representación municipal deben favorecer que os veciños acudan ás sesións plenarias como un medio de achegamento aos seus representantes e como medio de participación política. Di que fraco favor fan aos veciños se por un lado poñen todos os medios para fomentar a participación cidadá e por outro favorecen a non asistencia aos plenos cambiando os últimos xoves de cada mes, data de coñecemento xa xeral como tradición asentada no municipio, polos mércores, día que tradicionalmente adoita haber partidos de fútbol.

Conclúe dicindo que de aí que dende o grupo municipal do PP se estea conforme, como non podía ser doutro modo, porque é un imperativo legal, coa periodicidade mensual, pero o seu voto vai ser contrario no troco de día, do último xoves de cada mes ao mércores.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que o que fundamenta a súa proposta é xustamente o contrario do que acaba de expoñer o señor voceiro do grupo do PP, é xustamente facilitar unha maior difusión e un maior acceso, unha maior asistencia aos plenos.

Os plenos efectivamente celébranse en grande parte da contorna de toda a área metropolitana os últimos xoves de cada mes, e eles veñen observando, porque teñen unha relación bastante habitual cos diversos medios de comunicación, que moitas veces iso dificulta, por un lado a propia presenza dos medios de comunicación, dos profesionais dos medios de comunicación no pleno, e dificulta sobre todo ao día seguinte, nos medios escritos, nos medios gráficos, nos xornais, que haxa unha adecuada cobertura, porque teñen que repartir ese día que hai plenos en toda a comarca as follas da edición local en cuestión.

Polo tanto, o que pretenden é facilitar que haxa unha maior e máis ampla cobertura do que aquí se trata e que chegue a canta máis poboación posible. Falar a día de hoxe dunha tradición, vindo do PP pode entendelo, antes tamén era tradicional que só os ricos foran á escola, tamén era tradicional que o galego non fose unha lingua oficial, e hai multitude de cuestións que son tradicionais e ben se poden cambiar, sobre todo cando é de cara a que teñan unha maior difusión.

Logo, respecto dese argumento total e absolutamente choqueiro dos días de fútbol, di que, en tal caso, que se lle mande unha providencia á UEFA ou algo así por parte do concello, procurando que cambien os partidos da Champions.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que apoian esta proposta, esta modificación para os mércores, coincidindo coas argumentacións do voceiro do BNG. Entenden que vai ser un día de máis afluencia, de máis repercusión mediática, nese sentido van votar a prol da proposta.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que o seu grupo tamén apoia esta modificación, cren que pode ser beneficiosa, e consideran que hai que intentalo e xa se verán os resultados, polo tanto, están de acordo e van votar a prol.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que, a pesar de ser futbolero, eles tamén están a prol deste cambio. Entenden que as razóns que se teñen dado son suficientes como para o cambio que se propón. O seu voto vai ser a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's). Votan en contra os seis concelleiros do PP.

A Corporación, por quince votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4. Proposta da Alcaldía respecto da periodicidade das sesións da Xunta de Goberno Local

Vista a proposta da Alcaldía de data 29 de xuño de 2015 que consta do seguinte teor literal:

“De conformidade co establecido no artigo 41 do Regulamento orgánico municipal, dentro dos trinta días seguintes ao da sesión constitutiva, o alcalde convocará a sesión ou sesións extraordinarias do Pleno da Corporación que sexan precisas, co fin de resolver, entre outros, o seguinte asunto: **Periodicidade das sesións da Xunta de Goberno Local**.

O artigo 46 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local dispón que “As *Comisións Municipais e Provinciais de Goberno celebrarán sesión ordinaria coa periodicidade que estableza o Regulamento orgánico da Corporación.*”

O artigo 132 do Regulamento orgánico municipal, en concordancia co previsto no artigo 211 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establece que a Xunta de Goberno Local, para exercer a súas competencias resolutorias, realizará sesións ordinarias coa periodicidade determinada polo Pleno da Corporación, e, como mínimo, cada 15 días, podendo o alcalde reunir en calquera momento á Xunta de Goberno Local cando estime necesario coñecer o seu parecer ou pedir a súa asistencia con anterioridade a ditar resolucións no exercicio das atribucións que lle correspondan.

Respecto da fixación do día e hora, o artigo 132.2, parágrafo segundo, establece que lle corresponde ao alcalde fixar, mediante a correspondente resolución, o día e hora no que se debe realizar a sesión ordinaria.

De conformidade co disposto na alínea 5 do mesmo artigo “... *as sesións da Xunta de Goberno Local poderán ter carácter mixto, é dicir, **poderán ser resolutivas e deliberantes ou de asistencia**. Para tal efecto, o alcalde poderá introducir como último punto da orde do día, nas sesións ordinarias, o de “ditames da Xunta de Goberno Local”.*”

En canto ás competencias da Xunta de Goberno Local, o artigo 71 a) do Regulamento orgánico municipal, en concordancia co artigo 23.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, e o artigo 65.2 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, establece que corresponde á Xunta de Goberno Local “**A asistencia ao alcalde no exercicio das súas atribucións. É unha atribución propia e indelegable. Para tal fin, a Xunta de Goberno Local será informada de todas as decisións do alcalde. Esta información terá carácter previo á adopción da decisión sempre que a importancia do asunto así o requira**”

A este respecto, hai que ter en conta que por resolución desta Alcaldía núm. 1111/2015, do 23 de xuño, conferín delegacións xenéricas a prol dos tenentes de alcalde nos termos previstos no artigo 48 do Regulamento orgánico municipal, polo que resulta aínda máis relevante, se cabe, o informe á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas polos concelleiros-delegados de área, en canto que o dito órgano é presidido polo alcalde como competencia indelegable a teor do previsto no artigo 21.3 da Lei 7/1985, e que desta forma estará debidamente informado de todas as resolucións que se diten en relación coas competencias delegadas.

Por outro lado, esta Alcaldía non considera necesario propoñer ao Pleno a constitución da Xunta de Coordinación, por considerar que as atribucións conferidas a este órgano no artigo 87 do Regulamento orgánico municipal, de coordinación nas liñas de actuación e decisións que adopten os concelleiros delegados respecto das áreas e materias delegadas, e coordinación das Comisións Informativas, poden ser exercidas pola propia Xunta de Goberno Local na que están presentes todos os concelleiros delegados da área.

En virtude do exposto, propoño á Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

A Xunta de Goberno Local reunirse en sesión ordinaria unha vez por semana. De conformidade co establecido no artigo 132.2 do Regulamento orgánico municipal, corresponderalle ao alcalde fixar, mediante a correspondente resolución, o día e hora no que se debe realizar a sesión ordinaria.”

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, explica que a base sobre a que eles presentan esta proposta é que cre que todos os que están aquí desexan e esixen unha administración máis eficaz. A segunda razón é que tanto a Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas, como a Lei de transparencia e bo goberno, lles esixe que a administración sexa eficaz, polo tanto, obriga á eficacia das administracións públicas.

Continúa dicindo que é ben coñecido que un dos problemas que ten o concello é a conxunción entre as distintas áreas, ás veces tómanse decisións que van por dúas áreas distintas e hai verdadeiras discrepancias entre esas áreas. Iso lévaos claramente a que unha empresa de 137 traballadores ten que manter unhas reunións periódicas, eficientes, para trasladar as lecturas do goberno municipal. Por iso propoñen que estas sexan unha por semana, sobre todo a principios de semana, para ordenar o traballo diario, e con base en dúas cuestións, primeiro a lectura do que se está facendo e análise do que se está facendo, e segundo as propostas para a vindeira semana.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que dende o seu grupo recoñecen o dereito dos grupos políticos no goberno a reunirse coa periodicidade que estimen oportuna en xunta de goberno, se ben non queren deixar pasar a oportunidade de dar a benvinda a tal criterio aos socios do goberno, ao Sr. Rey Moreno e ao grupo municipal socialista, quen ao longo da pasada lexislatura, comezando no pleno similar ao que celebran hoxe, celebrado o 12 de xullo de 2011, considerou excesiva a reunión semanal da xunta de goberno, propoñendo que esta se realizara como máximo cunha periodicidade quincenal.

Conclúe desexando que a experiencia de goberno sirva para traer os bos criterios. O seu voto vai ser abstención.

Concedida a palabra a don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que dende o seu grupo queren deixar moi claro que neste punto o que se vai debater é a periodicidade das reunións, non a asignación económica. Eles non se opoñen a que a xunta de goberno local se reúna unha vez por semana se tal e como se afirma dende o Goberno van ser unhas reunións moi importantes, pero tampouco poden esquecer que hai catro anos membros do actual Goberno criticaban esa asiduidade das sesións da xunta de goberno local por consideralas excesivas.

Das actas das reunións futuras van ver se efectivamente se enchen de contido ou se seguen a ser o que foron ata agora, unha mera xustificación económica para os concelleiros que non ostentan dedicación. De feito, como non teñen por que dubidar de que a periodicidade sexa mellor semanal que quincenal, porque van estar cheas de contido, podería estudarse por parte do Goberno a posibilidade de facer partícipes nas xuntas de goberno local ao resto dos grupos da oposición.

Non se poden esquecer que nesas xuntas os concelleiros delegados informan, normalmente, e iso o saben polas actas, das actuacións que se levarán a cabo durante a semana, polo que a cantidade de asuntos que se tratan,

aínda que non sexa un órgano de decisión, é moi elevado. Por ese motivo, de cara á transparencia e participación deixan dende ACdC-SON a suxestión enriba da mesa.

Conclúe dicindo que a súa posición será a abstención.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo pensan que, tal e como dixo o Sr. González Leirós, voceiro de UxC, se esas xuntas de goberno local cunha periodicidade semanal van selo de cara a unha maior eficiencia e eficacia do Goberno, eles cren que teñen que darlles un voto de confianza, polo tanto, o seu voto vai ser favorable.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que dende o seu grupo lles parece moi necesario que se reúnan como mínimo unha vez por semana. Cren que a coordinación e a comunicación son para calquera equipo algo primordial. Só lles pide que fagan un bo uso diso, é a súa responsabilidade, e vailles dar o seu voto de confianza para que o poidan demostrar.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que en contestación ás manifestacións persoais, referidas a el mesmo, do Sr. Rivas, quere dicir que a realidade do actual Goberno nada ten que ver co Goberno de hai catro anos. Un Goberno monolítico formado por sete concelleiros do PP e o apoio unánime e sen dúbida do concelleiro do Partido Galeguista Demócrata, fronte a un Goberno como o actual, formado por dez concelleiros, con dúas forzas moi definidas, con cinco e cinco, que vai esixir unha coordinación e un labor conxunto moi necesario para levar a xestión do día a día no concello aos obxectivos que se propoñen.

Entende que se sacan de contexto esas manifestacións que obedecen a unha realidade do pasado que agardan non repetir, no sentido de que aquilo si que eran convocatorias para que un concelleiro cobrara o que non podía cobrar por un soldo normal. Neste caso o traballo de coordinación vai ser moi necesario e, polo tanto, apoian esta proposta que se fai dende a Alcaldía e entenden que a periodicidade está máis que xustificada.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad dille ao Sr. Rey que non unha crítica, el dálle a benvida a que as xuntas de goberno sexan semanais. Reitera que non é unha crítica, e dille que teña en conta que foi no primeiro pleno que celebraron cando o Sr. Rey non sabía como ía funcionar aquela xunta de goberno. O PP propoñía unha xunta de goberno semanal e o voceiro socialista hai catro anos, e o ten subliñado, foi quen dixo que lle parecían excesivas.

Conclúe dicindo que o PP non se opón agora a que as xuntas de goberno sexan semanais, todo o contrario, simplemente dálles a benvida a iso que antes criticaban e que, cando están no Goberno, agora apoian.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que agarda que o Sr. Rivas teña subliñado tamén o que el lle dixo nese primeiro pleno de organización no 2011, o que lle dixo cando UxC si apoiou esa proposta.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que a verdade é que cando fixo esas declaracións en xullo do 2011 xa se estaba anticipando ao que en realidade ocorreu, e reitera o que dixo, eran xuntas de goberno sen contido, non como as que van celebrar eles, destinadas a que o Sr. Marante cobrara 450 euros por cada unha delas. A verdade é que todos saben o que duraban e o seu contido. Nese sentido di que se adiantou ao que ocorreu, non sabía que era un pitoniso, pero esa foi a realidade.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdG-PSOE, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's). Abstéñense os seis concelleiros do PP e os dous concelleiros de ACdC-SON.

A Corporación, por trece votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

5. Proposta de Alcaldía respecto da creación e composición das Comisións Informativas permanentes e da Comisión Especial de Contas

Vista a proposta da Alcaldía de data 29 de xuño de 2015 que consta do seguinte teor literal:

“De conformidade co establecido no artigo 41 do Regulamento orgánico municipal, dentro dos trinta días seguintes ao da sesión constitutiva, o alcalde convocará a sesión ou as sesións extraordinarias do Pleno da Corporación que sexan precisas, co fin de resolver, entre outros, o seguinte asunto: **Creación e composición das comisións informativas permanentes de seguimento e control, e da Comisión Especial de Contas.**

Respecto disto, hai que ter en conta igualmente o establecido no artigo 20.1 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigos 59, 66 e 68 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e artigos 78 a 85 do Regulamento orgánico municipal, segundo os cales:

1- Tendo en conta que o Concello de Cambre ten máis de 5.000 habitantes, son órganos necesarios do Concello de Cambre, sen atribucións resolutivas, as que ata agora veñen sendo denominadas Comisións Informativas Permanentes, que teñen por obxecto:

- a) O estudo, informe ou consulta dos asuntos que deban ser sometidos á decisión do Pleno, salvo cando se trate de sesións extraordinarias urxentes, ou de mocións, así como daqueles asuntos que se deban someter á decisión da Comisión de Goberno cando actúe por delegación do Pleno (artigo 68.2 da Lei 5/1997)
- b) O informe daqueles asuntos da competencia propia ou delegada da Comisión de Goberno, ou do alcalde, que lle sexan sometidos ao seu coñecemento por expresa decisión daqueles
- c) O seguimento da xestión do alcalde, a Comisión de Goberno e os concelleiros que exerzan delegacións, isto sen prexuízo das competencias de control que lle corresponden ao Pleno

2 - A Comisión Especial de Contas existirá en todos os concellos e ten por obxecto o exame, estudo e informe da Conta Xeral do concello e das demais contas anuais.

3 - Correspóndelle ao Pleno, a proposta do alcalde, determinar o número e denominacións iniciais das comisións informativas permanentes procurando, no posible, que se correspondan co número e denominación das grandes áreas en que se estruturan os servizos corporativos.

4 – As Comisións Informativas e a Comisión Especial de Contas estarán compostas polos membros que se determinen no acordo de constitución, procurando que a composición se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación (art. 20.1 c) da Lei 7/1985 na redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local), sen que *“o respecto desta proporcionalidade deba implicar a necesidade de que cada unha das comisións sexa reprodución exacta, a escala menor, do Pleno municipal, senón só a de que, en canto a diferenza cuantitativa e outras consideracións obxectivas o fagan posible, ao fixar a composición das comisións, procurarase dotar a presenza neles ás forzas políticas presentes no Pleno”* (St. 32/1985, do 6 de marzo, Sala Segunda do Tribunal Constitucional).

5 - A adscrición concreta a cada comisión dos membros da Corporación que deban formar parte dela, en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do voceiro do grupo dirixido ao alcalde e presentado no Rexistro de Entrada do concello. Poderá designarse de igual forma, un suplente por cada titular. O devandito escrito presentarase no prazo dos cinco días hábiles contados dende a sesión plenaria na que se adoptou o acordo de creación das comisións informativas ou, de se levar a creación, composición e designación a un único Pleno, os cinco días contaranse dende o requirimento que, para tal efecto, se formule polo Sr. alcalde a todos os voceiros dos grupos políticos.

Faise constar que o día 26 de xuño de 2015 por esta Alcaldía fíxose entrega aos voceiros dos grupos municipais do requirimento para a designación dos membros, titulares e suplentes, que por cada grupo quedarán adscritos ás comisións informativas, outorgándose un prazo de cinco días hábiles para a presentación dos correspondentes escritos.

6 - O artigo 212 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e o artigo 134 do Regulamento orgánico municipal, establecen que as comisións informativas permanentes de seguimento e control realizarán sesións ordinarias coa periodicidade que acorde o Pleno no momento de constituílas.

Igualmente, o artigo 134.1 do ROM, establece que celebrarán sesión nos días e horas que estableza o alcalde, ou o seu respectivo presidente, os que poderán así mesmo, convocar sesións extraordinarias ou urxentes delas.

Así pois, tendo en conta o disposto na Resolución nº 1111/2015, do 23 de xuño, na que se recolle a denominación e ámbito material das áreas de goberno nas que se estrutura a organización municipal, propono ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: De conformidade co establecido no artigo 20.1 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, e artigo 59.2 d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, créanse tres Comisións Informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, coa seguinte denominación:

1. Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade Cidadá e Desenvolvemento Socioeconómico. Ditaminará os asuntos correspondentes á Área de Recursos Humanos e Sanidade, á Área de Presidencia e á Área de Desenvolvemento Socioeconómico.

2. Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente: Ditaminará os asuntos correspondentes á Área Economía, Facenda, Obras e Servizos, e á Área de Urbanismo e Medio Ambiente.

3. Comisión Informativa de Benestar Social, Cultura, Deportes e Xuventude: Ditaminará os asuntos correspondentes á Área de Benestar Social e Educación, á Área de Cultura e Tradicións Populares e á Área de Deportes, Xuventude e Ocupación do Tempo Libre.

Segundo: Cada unha delas estará integrada por doce membros, coa seguinte adscrición por cada grupo municipal segundo a súa representatividade no Pleno: 3 do PP, 3 de UxC, 3 do PSdeG-PSOE, 1 de Asemblea Cidadá de Cambre, 1 do BNG e 1 do GM.

Terceiro: De conformidade co establecido no artigo 20.1 e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, e artigo 59.2 c) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, créase a **Comisión Especial de Contas**, que ten por obxecto o exame, estudo e informe da Conta Xeral do concello.

Estará integrada por doce membros, coa mesma adscrición por cada grupo municipal que as Comisións Informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, e reunirse cando sexa convocada para emitir o informe á Conta Xeral.”

Visto que a citada proposta foi modificada pola proposta da Alcaldía de data 1 de xullo de 2015, que consta do seguinte teor literal:

“Vista a proposta desta Alcaldía do día 29 de xuño de 2015 respecto da creación e composición das comisións informativas permanentes de seguimento e control, e da Comisión Especial de Contas.

Visto que no día de onte na Alcaldía municipal mantiven unha reunión cos voceiros de todos os grupos municipais na que o representante do grupo municipal do BNG manifestou que consideraba que coa proposta efectuada non se acadaba a proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación, que vén esixida polo artigo 20.1 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Tendo en conta o debate efectuado e o acordo acadado, é necesario modificar a proposta formulada o día 29 de xuño de 2015 e, polo tanto, propono ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: De conformidade co establecido no artigo 20.1 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, e artigo 59.2 d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, créanse tres Comisións Informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, coa seguinte denominación:

1. **Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade Cidadá e Desenvolvemento Socioeconómico.** Ditaminará os asuntos correspondentes á Área de Recursos Humanos e Sanidade, á Área de Presidencia e á Área de Desenvolvemento Socioeconómico.

2. **Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente:** Ditaminará os asuntos correspondentes á Área Economía, Facenda, Obras e Servizos, e á Área de Urbanismo e Medio Ambiente.

3. **Comisión Informativa de Benestar Social, Cultura, Deportes e Xuventude:** Ditaminará os asuntos correspondentes á Área de Benestar Social e Educación, á Área de Cultura e Tradicións Populares e á Área de Deportes, Xuventude e Ocupación do Tempo Libre.

Segundo: Cada unha delas estará integrada por nove membros, coa seguinte adscrición por cada grupo municipal segundo a súa representatividade no Pleno: 2 do PP, 2 de UxC, 2 do PSdeG-PSOE, 1 de Asemblea Cidadá de Cambre, 1 do BNG e 1 do GM.

Terceiro: De conformidade co establecido no artigo 20.1 e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, e artigo 59.2 c) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, créase a **Comisión Especial de Contas**, que ten por obxecto o exame, estudo e informe da Conta Xeral do concello.

Estará integrada por nove membros, coa mesma adscrición por cada grupo municipal que as Comisións Informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, e reunirse cando sexa convocada para emitir o informe á Conta Xeral.”

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que simplemente quere dar o beneplácito a esta proposta e di que o voto do seu grupo vai ser a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdG-PSOE, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's). Abstéñense os dous concelleiros de ACdC-SON.

A Corporación, por dezanove votos a prol, acordou:

Primeiro: De conformidade co establecido no artigo 20.1 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, e artigo 59.2 d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, créanse tres Comisións Informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, coa seguinte denominación:

1. **Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade Cidadá e Desenvolvemento Socioeconómico.** Ditaminará os asuntos correspondentes á Área de Recursos Humanos e Sanidade, á Área de Presidencia e á Área de Desenvolvemento Socioeconómico.

2. **Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente:** Ditaminará os asuntos correspondentes á Área Economía, Facenda, Obras e Servizos, e á Área de Urbanismo e Medio Ambiente.

3. **Comisión Informativa de Benestar Social, Cultura, Deportes e Xuventude:** Ditaminará os asuntos correspondentes á Área de Benestar Social e Educación, á Área de Cultura e Tradicións Populares e á Área de Deportes, Xuventude e Ocupación do Tempo Libre.

Segundo: Cada unha delas estará integrada por nove membros, coa seguinte adscrición por cada grupo municipal segundo a súa representatividade no Pleno: 2 do PP, 2 de UxC, 2 do PSdeG-PSOE, 1 de Asemblea Cidadá de Cambre, 1 do BNG e 1 do GM.

Terceiro: De conformidade co establecido no artigo 20.1 e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, e artigo 59.2 c) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, créase a **Comisión Especial de Contas**, que ten por obxecto o exame, estudo e informe da Conta Xeral do concello.

Estará integrada por nove membros, coa mesma adscrición por cada grupo municipal que as Comisións Informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, e reunirse cando sexa convocada para emitir o informe á Conta Xeral.

6. Coñecemento das resolucións de Alcaldía en materia de: membros da Xunta de Goberno Local, nomeamento de tenentes de alcalde e delegacións de atribucións pola Alcaldía en membros da Xunta de Goberno Local

Os membros da Corporación danse por informados das Resolucións da Alcaldía de data 23 de xuño de 2015, que se transcriben literalmente a continuación:

A) Resolución núm. 1107/2015 de creación de áreas de goberno local

“Constituída a nova Corporación municipal o día 13 de xuño do ano que andamos, resultante do proceso electoral que tivo lugar o día 24 de maio de 2015, cómpre determinar a organización e estrutura da administración municipal e, para tal efecto, definir o número e denominación das áreas, materias e actividades que a cada área lle corresponden, para que por esta Alcaldía se poidan efectuar, se é o caso, as delegacións xenéricas que estime oportuno conferir, isto a teor do establecido no artigo 48 do Regulamento orgánico municipal, segundo o cal, as delegacións xenéricas, cando se confiran con esta expresión, se referirán a unha ou varias áreas ou materias determinadas, que constitúen, desta maneira, os eixes básicos nos que se estrutura o goberno local, tendo en conta que cada área de goberno representa un sector de actividade da Corporación asignada a unha dirección política en virtude das resolucións que adopte a Alcaldía de acordo coa normativa de réxime local.

O artigo 45 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), dispón que as delegacións que poida outorgar o alcalde deberán adaptarse ás grandes áreas nas que o Regulamento orgánico municipal estrutura os servizos administrativos do concello.

No caso do Concello de Cambre, o vixente Regulamento orgánico municipal non establece unha distribución de áreas de goberno, polo que, visto o informe emitido pola secretaria municipal de data 22 de xuño actual, e en uso da facultade de dirección do goberno e a administración municipal atribuída ao alcalde polos artigos 21.1. a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 61.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e artigo 44.1.a) do Regulamento orgánico municipal, **RESOLVO**:

Primeiro: Crear as áreas de goberno coas denominacións e ámbito material segundo se relacionan a continuación, e que poderán ser obxecto dunha delegación xenérica nos termos do artigo 48 do Regulamento orgánico municipal:

ÁREA DE PRESIDENCIA

- Coordinación das diferentes áreas municipais
- Comunicación interna e externa e protocolo
- Secretaría particular
- Políticas transversais ou proxectos nos que interveñen varias áreas
- Relacións institucionais e sinatura de todo tipo de convenios
- Xestión da seguridade cidadá, protección civil e policía local
- Xestión das políticas de información cidadá
- Sistemas informáticos, impulso e difusión do uso das novas tecnoloxías da información
- As reclamacións previas ao exercicio das accións civís e laborais reguladas no artigo 120 da Lei 30/1992, do 26 de novembro
- Todas aquelas materias non asignadas expresamente a outra área de goberno

ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, OBRAS E SERVIZOS

- Elaboración e xestión dos orzamentos municipais
- Control e fiscalización interna da xestión económica, financeira e orzamentaria
- Contabilidade, Tesourería e Recadación
- Facenda local e Inspección de Facenda
- Xestión e xeración de recursos
- Xestión patrimonial: inventario de bens, deberes e obrigacións, adquisición, administración e defensa do patrimonio municipal
- Reclamacións por danos causados nos bens integrantes do patrimonio municipal
- Responsabilidade patrimonial
- Contratación local
- Central de compras
- Obras e infraestruturas urbanas: planificación e preparación dos plans de obras e infraestruturas
- Xestión, mantemento e conservación dos servizos básicos municipais: ciclo de auga, residuos urbanos, limpeza viaria, iluminación pública
- Inspección e control dos servizos públicos, mantemento e conservación de parques e xardíns, mantemento de edificios, infraestruturas e instalacións municipais

ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E SANIDADE

- Xestión do persoal do concello, retribucións, premios e sancións, situacións administrativas, selección de persoal, provisión de postos de traballo, prevención de riscos laborais e todas aquelas materias competencia do alcalde susceptibles de delegación nesta área
- Organización e coordinación do funcionamento da administración municipal
- No campo da Sanidade:
 - centros públicos de saúde, tendo en conta o establecido para o efecto na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local e Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro
 - cemiterios e servizos funerarios

ÁREA DE BENESTAR SOCIAL E EDUCACIÓN

- No ámbito dos servizos asistenciais aos cidadáns:
 - a avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.
 - os proxectos, programas, medidas e servizos que se veñen desenvolvendo de integración social, infancia, familia, políticas da muller, atención á terceira idade e políticas de igualdade, ou que se poidan desenvolver, iso de conformidade co establecido na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administrativa Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia do 25 de febreiro de 2015 e no artigo 7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- No ámbito da Educación:
 - a vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperación coas administracións educativas na obtención dos terreos necesarios para a construción dos novos centros docentes, así como a vixilancia en materia de conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade municipal destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial, dando conta ao responsable da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos para os efectos oportunos.
 - a utilización dos equipamentos educativos, así como os programas e servizos que se veñen desenvolvendo ou que se poidan desenvolver a teor do establecido na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administrativa Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia do 25 de febreiro de 2015 e no artigo 7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

- No ámbito das políticas de acción voluntaria, os servizos e actividades que se veñen desenvolvendo ou que se poidan desenvolver a teor do establecido na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administrativa Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia do 25 de febreiro de 2015 e no artigo 7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

ÁREA DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE

- Xestión das competencias municipais sobre a ordenación do territorio e o urbanismo: planeamento, xestión urbanística, intervención administrativa e disciplina urbanística
- As actividades e facultades relacionadas coa promoción e xestión da vivenda de protección pública, con criterios de sustentabilidade financeira
- Xestión catastral
- Actividades sometidas a licenza e a comunicación previa
- Outorgamento de licenzas para a ocupación do dominio público, a excepción daqueles que impliquen autorizacións para a venda ambulante
- Transporte e mobilidade

ÁREA DE CULTURA E TRADICIÓN POPULARES

- Promoción da cultura e equipamentos culturais:
 - Programación cultural
 - Exposicións culturais
 - Rede de bibliotecas e programas de animación á lectura
 - Xestión do museo e da escola municipal de música
 - Xestión do uso de locais polas asociacións veciñais
 - Espectáculos públicos
 - Festas e tradicións populares

ÁREA DE DEPORTES, XUVENTUDE E OCUPACIÓN DO TEMPO LIBRE

- Promoción do deporte
- Cursos e escolas deportivas
- Relación con clubs e asociacións deportivas
- Información e asesoramento da xuventude
- Ocio e tempo libre
- Xestión da utilización dos equipamentos deportivos e casa da xuventude

ÁREA DE DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO

- Xestión dos plans de formación, emprego, programas e proxectos de cooperación con organismos públicos que se veñen desenvolvendo ou que se poidan desenvolver a teor do establecido na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administrativa Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia do 25 de febreiro de 2015 e no artigo 7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Relacións cos axentes sociais, emprendemento e potenciación da vida económica local, fixación de obxectivos e desenvolvemento de proxectos para a promoción das actividades económicas do concello que se veñen desenvolvendo ou se poidan desenvolver a teor do establecido na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administrativa Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia do 25 de febreiro de 2015 e no artigo 7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Xestión das políticas municipais en materia de feiras, mercados, comercio e relacións coas asociacións de empresarios e comerciantes.

- Xestión das políticas municipais en materia de promoción da actividade turística de interese e ámbito municipal.

Segundo: Corresponde á Alcaldía, a través da Área de Presidencia, a coordinación do funcionamento das áreas municipais, así como a resolución das cuestións que xurdan respecto da adscrición a unha área determinada dunha materia concreta.”

B) Resolución núm. 1108/2015 de nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local

“O pasado 13 de xuño constituíuse a nova Corporación municipal saída das eleccións celebradas o pasado 24 de maio de 2015.

Por Resolución desta mesma data, creáronse as áreas de goberno local, en uso das competencias de dirección do goberno e da administración municipal atribuídas ao alcalde polos artigos 21.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 61.1 b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e artigo 44.1 a) do Regulamento orgánico municipal.

O artigo 20.1 b) da Lei 7/1985 e o artigo 59.2 b) da Lei 5/1997 establecen que existirá a Xunta de Goberno Local en todos os municipios cunha poboación de dereito superior a 5000 habitantes.

O artigo 65.1 da Lei 5/1997 e artigos 68 e 69 do Regulamento orgánico municipal, establecen que a Xunta de Goberno Local estará integrada polo alcalde e un número de concelleiros non superior ao terzo do número legal deles, nomeados ou separados libremente polo alcalde, polo que, no caso de Cambre, o número máximo de concelleiros que poden ser designados membros da Xunta de Goberno Local é de 7, equivalente á terceira parte dos 21 membros da Corporación.

Facendo uso da citada atribución, **RESOLVO:**

Primeiro: Designar como membros da Xunta de Goberno Local aos concelleiros que a seguir se relacionan:

- Don Augusto Rey Moreno
- Don Juan González Leirós
- Don Jesús Bao Bouzas
- Dona Elisa Pestonit Barreiros
- Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez
- Don Ramón Boga Moscoso
- Dona María Dolores Blanca García Fernández

Segundo: En virtude do establecido no artigo 65.1 da Lei 5/1997 e artigos 41.d) e 69.2 do Regulamento orgánico municipal, comuníquese esta resolución ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar, notifíquese persoalmente aos designados para os efectos da súa aceptación, e publíquese no *Boletín Oficial da Provincia*.

O carácter de membro da Xunta de Goberno Local é voluntario, polo que esta resolución require, para ser eficaz, a súa aceptación.

Enténdese que hai aceptación tácita do nomeamento se, no prazo de tres días hábiles contados dende a notificación persoal, o/a concelleiro/a non fai manifestación expresa ante o alcalde de que non acepta a designación.”

C) Resolución núm. 1109/2015 de nomeamento de tenentes de alcalde

“O artigo 20.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 5.2 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establecen que os tenentes de alcalde existirán en todos os concellos.

Os artigos 61.2 e 62 da Lei 5/1997 e artigo 58 do Regulamento orgánico municipal, establecen que os tenentes de alcalde serán libremente nomeados polo alcalde de entre os membros da Xunta de Goberno Local, e o número de tenentes de alcalde non poderá exceder do número de membros dela.

Por resolución desta mesma data, por esta Alcaldía efectuouse a designación dos membros da Xunta de Goberno Local.

Facendo uso da citada atribución, **RESOLVO**:

Primeiro: Designar tenentes de alcalde aos concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local e segundo a orde que a seguir se relaciona:

- 1º Don Augusto Rey Moreno
- 2º Don Juan González Leirós
- 3º Don Jesús Bao Bouzas
- 4º Dona Elisa Pestonit Barreiros
- 5º Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez
- 6º Don Ramón Boga Moscoso
- 7º Dona María Dolores Blanca García Fernández

Segundo: A teor do establecido no artigo 63 da Lei 5/1997 e artigo 60 do Regulamento orgánico municipal, correspóndelles aos tenentes de alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ao alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para exercer as súas atribucións, así como desempeñar as funcións do alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo alcalde.

Terceiro: De conformidade co establecido nos artigos 41.d) e 58 do Regulamento orgánico municipal, comuníquese esta resolución ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar, notifíquese persoalmente aos designados para os efectos da súa aceptación, e publíquese no *Boletín Oficial da Provincia*.

O nomeamento requirirá, para ser eficaz, a súa aceptación.

Enténdese que hai aceptación tácita do nomeamento se, no prazo de tres días hábiles contados dende a notificación persoal, o/a concelleiro/a non fai manifestación expresa ante o alcalde de que non acepta a designación.”

D) Resolución núm. 1111/2015 de delegación de atribucións da Alcaldía nos membros da Xunta de Goberno Local e noutros concelleiros

“Os artigos 21.3 e 23.4. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 61.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e 47 e seguintes do Regulamento orgánico municipal, establecen que o alcalde pode delegar o exercicio de determinadas atribucións mediante delegacións xenéricas a prol dos tenentes de alcalde e dos membros da Xunta de Goberno Local, que estarán referidas a unha ou varias áreas ou materias determinadas e poderán abarcar tanto a facultade de dirixir os servizos correspondentes como a de xestionala en xeral, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Igualmente, o alcalde pode efectuar delegacións especiais en calquera concelleiro, para a dirección e xestión de asuntos determinados incluídos nas delegacións xenéricas.

Tendo en conta as resolucións nº 1107/2015, nº 1108/2015 e nº 1109/2015 desta mesma data, polas que se crearon as áreas de goberno local e se efectuou o nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local e dos tenentes de alcalde.

Tendo en conta que segundo establece o artigo 61.4 da Lei 5/1997 e artigo 50 do Regulamento orgánico municipal, o acordo de delegación determinará o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación, as facultades ou potestades que se deleguen, así como as condicións específicas do exercicio delas.

Facendo uso da citada atribución, **RESOLVO**:

Primeiro: Conferir delegacións xenéricas a prol dos tenentes de alcalde que a seguir se relacionan, para as áreas que igualmente se sinalan, co ámbito material reflectido na resolución de Alcaldía de creación das áreas de goberno local, desta mesma data:

- Delegación a prol de don Augusto Rey Moreno, primeiro tenente de alcalde: a Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos
- Delegación a prol de don Juan González Leirós, segundo tenente de alcalde: a Área de Urbanismo e Medio Ambiente
- Delegación a prol de don Jesús Bao Bouzas, terceiro tenente de alcalde: a Área de Benestar Social e Educación
- Delegación a prol de dona Elisa Pestonit Barreiros, cuarta tenente de alcalde: a Área de Deportes, Xuventude e Ocupación do Tempo Libre
- Delegación a prol de don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, quinto tenente de alcalde: a Área de Recursos Humanos e Sanidade
- Delegación a prol de don Ramón Boga Moscoso, sexto tenente de alcalde: a Área de Cultura e Tradicións Populares
- Delegación a prol de dona María Dolores Blanca García Fernández, sétima tenente de alcalde: a Área de Desenvolvemento Socioeconómico

Segundo: De conformidade co establecido no artigo 48 do Regulamento orgánico municipal, as delegacións xenéricas a prol dos tenentes de alcalde, e respecto da súa área, comprenden:

- a) A delegación do exercicio das competencias que a esta Alcaldía lle son atribuídas e que poden ser delegadas a teor do establecido no artigo 21.1 e 3. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, incluíndo a facultade de dirixir os servizos contidos en cada área, a facultade de xestionalos en xeral, así como a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. Inclúese expresamente a facultade de ditar as resolucións que procedan nos procedementos de execución forzosa dos actos administrativos ditados en uso da delegación conferida.
- b) A concesión de subvencións a particulares en materias incluídas dentro do seu ámbito de delegación, de acordo co que dispoñan as normas en vigor e as bases de execución do orzamento.
- c) O exercicio da potestade sancionadora nas materias comprendidas dentro da área de goberno.
- d) A resolución das incidencias que poidan xurdir en relación coas peticións de acceso á información nos procedementos en trámite que correspondan a materias obxecto da delegación, xa sexan presentadas por particulares ou polos señores concelleiros.
- e) A sinatura de propostas dirixidas á Alcaldía, ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local, no seu caso.
- f) A sinatura das certificacións que se deban emitir en relación coa tramitación dos procedementos, así como respecto das resolucións ditadas na súa respectiva área no exercicio da competencia delegada, en cumprimento da esixencia contida no art. 205 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e segundo o cal *“as certificacións expediranse por orde do presidente da corporación e co seu visto e prace”, para significar que o secretario ou funcionario que as expide e autoriza está no exercicio do cargo e que a súa sinatura é auténtica.*”

En canto ao seu contido material, as ditas certificacións serán emitidas na propia área segundo requira a tramitación de cada expediente en concreto, reflectirán integramente o texto do acordo ao que se refire, serán rubricadas á marxe polo/a funcionario/a responsable da área, ou polo/a funcionario/a responsable da tramitación do expediente, e reintegraranse, no seu caso, de acordo coa respectiva ordenanza fiscal.

- g) A sinatura das certificacións respecto do contido de documentos ou informes que se deban emitir en cada área.

En canto ao seu contido material, cando a certificación non se limite á reprodución dunha resolución ou documento, o xefe/a da unidade administrativa a quen corresponda a súa elaboración, emitirá un informe no que se recollan os datos sobre os que haberá de certificarse, e o contido da certificación reproducirá literalmente o contido do mencionado informe, con exposición da data de emisión e sinatura auténtica do funcionario/a informante.

A certificación irá rubricada á marxe polo xefe/a da unidade ou polo funcionario informante, e reintegrarase, no seu caso, de acordo coa respectiva ordenanza fiscal.

h) A sinatura dos anuncios e edictos, así como a orde de remisión aos diarios oficiais e aos medios de comunicación, en relación cos asuntos propios da súa área.

i) A sinatura de comunicacións que se dirixan a autoridades ou organismos públicos así como a particulares, respecto dos servizos e actividades municipais relativos ás materias incluídas na área.

j) A sinatura dos impresos de solicitudes de subvencións, certificados e demais documentación que deba remitirse unha vez ditada a correspondente resolución polo concelleiro delegado de cada área.

Terceiro: Quedan reservados ao concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos, o recoñecemento e liquidación de obrigas, a ordenación do pago e o pagamento material, así como a aprobación das contas xustificativas dos fondos librados “a xustificar” e dos “anticipos de caixa fixa”.

Cuarto: A Alcaldía asumirá directamente a dirección da Área de Presidencia e o exercicio das competencias relacionadas coas materias atribuídas á dita área e, en xeral, e de xeito residual, os servizos e actividades e aquelas funcións que non estean asignadas a unha concreta área de goberno.

Así mesmo, queda reservada a esta Alcaldía a adxudicación dos contratos tramitados mediante procedemento aberto, restrinxido, diálogo competitivo e negociados con publicidade.

Quinto: A Alcaldía conserva as facultades de tutela que se transcriben a seguir:

- a) A de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos ou disposicións enumerados en virtude da delegación.
- b) A de ser informado previamente a que se adopten decisións de transcendencia.
- c) O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a resolución dos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra as resolucións ditadas en uso das facultades delegadas.

Sexto: Conferir as delegacións especiais a prol das concelleiras que a continuación se relacionan, para os servizos que igualmente se sinalan:

1. Conferir a delegación dos servizos correspondentes ás políticas de Igualdade, Muller e Familia incluídos na Área de Benestar Social e Educación a dona Leonor Fernández Grande.
2. Conferir a delegación dos servizos correspondentes ás políticas de Terceira Idade e Acción Voluntaria incluídos na Área de Benestar Social e Educación a dona M^a Jesús Gómez González .

que terán ao seu cargo o estudo, impulso, dirección e inspección das políticas sobre as que ostentan delegación especial, elevando ao concelleiro delegado da área, logo do informe dos técnicos que correspondan, propostas concretas de actuación respecto de cada materia ou servizo, efectuando o seu seguimento, unha vez aprobadas, ata a súa execución final, elaborando un informe definitivo respecto do cumprimento dos obxectivos perseguidos.

Sétimo: De conformidade co establecido no artigo 49.2.b) do Regulamento orgánico municipal, a delegación especial conferida a cada concelleira, e respecto dos servizos determinados, enténdese conferida como delegación da dirección interna dos servizos, pero non inclúe a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, que quedará reservada ao alcalde ou concelleiro con delegación xenérica na correspondente área.

O concelleiro que ostente a delegación xenérica da área á que pertence o servizo, terá a facultade de supervisar a actuación dos concelleiros con delegacións especiais.

Oitavo: De conformidade co establecido no art. 50.2 do ROM, a delegación requirirá, para ser eficaz, a súa aceptación por parte do concelleiro delegado. Enténdese aceptada tacitamente se no termo de tres días hábiles contados dende a notificación persoal, o concelleiro non fai manifestación expresa ante o alcalde de que non acepta a delegación, todo iso sen prexuízo da preceptiva publicación do *Boletín Oficial da Provincia*, e da debida comunicación ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.

As delegacións, unha vez aceptadas, entenderanse vixentes mentres non sexan revogadas expresamente ou o órgano delegante avoque para si algún asunto concreto na forma establecida pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Nos documentos que deban firmar os concelleiros delegados no exercicio da delegación farase constar a data da Resolución de Alcaldía pola que se efectuou a delegación.

Noveno: Notifíquese persoalmente aos interesados, publíquese no *Boletín Oficial da Provincia*, e déase conta ao Pleno na seguinte sesión que teña lugar.”

7. Proposta de Alcaldía respecto do nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados

Vista a proposta da Alcaldía de data 29 de xuño de 2015 que consta do seguinte teor literal:

“O artigo 41 c) do Regulamento orgánico municipal establece que dentro dos trinta días seguintes ao da sesión constitutiva, o alcalde convocará a sesión ou sesións extraordinarias do Pleno da Corporación que sexan precisas, co fin de resolver, entre outros puntos: **O nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados.**

Tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía en membros da Xunta de Goberno Local segundo a Resolución n.º 1111/2015, do 23 de xuño de 2015.

Tendo en conta os acordos adoptados polo Pleno da Corporación respecto da creación con carácter permanente de determinados órganos colexiados:

- Sesión ordinaria de 27 de abril de 2006: Creación da Xunta Local de Protección Civil de Cambre
- Sesión ordinaria de 27 de maio de 2010 e sesión ordinaria de 26 de agosto de 2010: creación da Mesa de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero
- Sesión extraordinaria de 25 de marzo de 2011: creación da Mesa Local de Comercio

Tendo en conta que o artigo 22.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, atribúe ao Pleno os acordos relativos á participación en organizacións supramunicipais, polo que se considera que debe incluír tamén a designación dos representantes da Corporación como elementos da súa organización ou participación.

Considerando canto antecede, propono ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

Primeiro: Nomear representante do concello no Consorcio As Mariñas e na Comisión Xestora para a constitución da mancomunidade ao alcalde don Óscar A. García Patiño, e como suplente a don Juan González Leirós.

Segundo: Nomear representante do concello na Comisión de Escolarización, curso 2015-2016 ao concelleiro delegado da Área de Benestar Social e Educación don Jesús Bao Bouzas.

Terceiro: Nomear representante do concello nos consellos escolares aos concelleiros que a continuación se relacionan, para os centros que igualmente se indican:

- Escolas de educación infantil de Cecebre, Pravio e Sta. Mª de Vigo: dona Mª Jesús Gómez González
- CEIP Graxal (Graxal – O Temple): dona Leonor Fernández Grande
- CEIP Portofaro (O Temple): dona Leonor Fernández Grande
- CEIP Emilio González López (Brexo): dona Mª Jesús Gómez González
- CEIP Gonzalo Torrente Ballester (Sigrás): don Jesús Bao Bouzas
- CEIP Wenceslao Fernández Flórez (Cambre): dona Mª Jesús Gómez González
- IES Afonso X O Sabio (A Barcala-Cambre): don Jesús Bao Bouzas
- IES David Buján (Sigrás): don Jesús Bao Bouzas

Cuarto: Nomear representante do concello no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade ao alcalde don Óscar A. García Patiño, e como suplente a don Jesús Bao Bouzas.

Quinto: Nomear representante do concello no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar a don Jesús Bao Bouzas, e como suplente a dona Leonor Fernández Grande.

Sexto: Nomear representante do concello no Consello de participación da escola infantil a don Jesús Bao Bouzas, e como suplente a dona M^a Jesús Gómez González.

Sétimo: Nomear representante do concello no Grupo de Acción Costeira “Golfo Ártabro” (futuro Grupo de Acción Local de Pesca Golfo Ártabro Sur) a dona M^a Dolores Blanca García Fernández e como suplente a dona Elisa Pestonit Barreiros.

Oitavo: Nomear representante do concello no Grupo de Desenvolvemento Rural “Mariñas-Betanzos” a dona M^a Dolores Blanca García Fernández, e como suplente a dona Elisa Pestonit Barreiros.

Noveno: Nomear representante do concello na Fundación Wenceslao Fernández Flórez a don Ramón Boga Moscoso, e como suplente a dona Elisa Pestonit Barreiros.

Décimo: Nomear representantes da Corporación na Xunta Local de Protección Civil ao alcalde don Óscar A. García Patiño, ao concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente don Juan González Leirós, ao concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos don Augusto Rey Moreno e ao concelleiro delegado da Área de Benestar Social e Educación don Jesús Bao Bouzas.

Décimo primeiro: Nomear representantes da Corporación na Mesa de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero ao alcalde don Óscar A. García Patiño e ao concelleiro delegada da Área de Benestar Social e Educación don Jesús Bao Bouzas.

Décimo segundo: Nomear representantes da Corporación na Mesa Local de Comercio ao alcalde don Óscar Alfonso García Patiño e á concelleira delegada da Área de Promoción Socioeconómica dona M^a Dolores Blanca García Fernández.”

Visto que a citada proposta foi modificada pola proposta da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, que consta do seguinte teor literal:

“Vista a proposta desta Alcaldía do día 29 de xuño de 2015 respecto do **nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados**, na que no punto cuarto se recolle:

‘Cuarto: Nomear representante do concello no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade ao alcalde don Óscar A. García Patiño, e como suplente a don Jesús Bao Bouzas.’

Tendo en conta que tras conversacións mantidas cos servizos técnicos da Área de Benestar Social e Educación, dende estes servizos trasladouse que dadas as materias afectadas e a asiduidade na que se reúnen os órganos de xestión do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, e con vistas a unha mellor operatividade sería conveniente que tanto o titular como o suplente foran concelleiros asignados á citada área.

Por isto considero necesario modificar o punto cuarto da proposta formulada o día 29 de xuño de 2015 para o nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados e, polo tanto, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO** mantendo integramente o resto dos puntos da proposta inicial:

‘Cuarto: Nomear representante do concello no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade ao concelleiro delegado da Área de Benestar Social don Jesús Bao Bouzas, e como suplente á concelleira con delegación especial dos servizos correspondentes ás políticas de Terceira Idade e Acción Voluntaria dona M^a Jesús Gómez González.’”

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que neste punto simplemente queren facer un comentario, para indicar que evidentemente entenden que esta designación e

nomeamento dos representantes nos órganos colexiados é do Goberno, nese sentido respectan a proposta de representación. O que si requiren é a información aos grupos por parte do Goberno e por parte dos representantes neses órganos colexiados, a información aos grupos que non ostentan ningunha representación nos ditos órganos.

Entenden que esta debe ser outra das encomendas que debe ter este equipo de goberno, o traslado do contido das reunións celebradas neses órganos colexiados. Ademais solicítano pola experiencia que veñen tendo e que moitas veces criticaron moitos deles na pasada lexislatura.

Conclúe dicindo que neste punto vanse abster.

Toma a palabra o Sr. alcalde para contestar que dende logo que van ter toda a información, primeiro porque toda esa información vai aparecer nas xuntas de goberno local, porque unha da súas funcións tamén é esa, informalos a todos do que está pasando e o que están facendo e resolver calquera dúbida que teñan, que non apareza aí. Por suposto que os grupos van ter toda a información a súa disposición.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdG-PSOE, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's). Abstéñense os seis concelleiros do PP e os dous concelleiros de ACdC-SON.

A Corporación, por trece votos a prol, acordou:

Primeiro: Nomear representante do concello no Consorcio As Mariñas e na Comisión Xestora para a constitución da mancomunidade ao alcalde don Óscar A. García Patiño, e como suplente a don Juan González Leirós.

Segundo: Nomear representante do concello na Comisión de Escolarización, curso 2015-2016 ao concelleiro delegado da Área de Benestar Social e Educación don Jesús Bao Bouzas.

Terceiro: Nomear representante do concello nos consellos escolares aos concelleiros que a continuación se relacionan, para os centros que igualmente se indican:

- Escolas de educación infantil de Cecebre, Pravio e Sta. M^a de Vigo: dona M^a Jesús Gómez González
- CEIP Graxal (Graxal – O Temple): dona Leonor Fernández Grande
- CEIP Portofaro (O Temple): dona Leonor Fernández Grande
- CEIP Emilio González López (Brexo): dona M^a Jesús Gómez González
- CEIP Gonzalo Torrente Ballester (Sigrás): don Jesús Bao Bouzas
- CEIP Wenceslao Fernández Flórez (Cambre): dona M^a Jesús Gómez González
- IES Afonso X O Sabio (A Barcala-Cambre): don Jesús Bao Bouzas
- IES David Buján (Sigrás): don Jesús Bao Bouzas

Cuarto: Nomear representante do concello no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade ao concelleiro delegado da Área de Benestar Social don Jesús Bao Bouzas, e como suplente á concelleira con delegación especial dos servizos correspondentes ás políticas de Terceira Idade e Acción Voluntaria dona M^a Jesús Gómez González.

Quinto: Nomear representante do concello no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar a don Jesús Bao Bouzas, e como suplente a dona Leonor Fernández Grande.

Sexto: Nomear representante do concello no Consello de participación da escola infantil a don Jesús Bao Bouzas, e como suplente a dona M^a Jesús Gómez González.

Sétimo: Nomear representante do concello no Grupo de Acción Costeira “Golfo Ártabro” (futuro Grupo de Acción Local de Pesca Golfo Ártabro Sur) a dona M^a Dolores Blanca García Fernández e como suplente a dona Elisa Pestonit Barreiros.

Oitavo: Nomear representante do concello no Grupo de Desenvolvemento Rural “Mariñas-Betanzos” a dona M^a Dolores Blanca García Fernández, e como suplente a dona Elisa Pestonit Barreiros.

Noveno: Nomear representante do concello na Fundación Wenceslao Fernández Flórez a don Ramón Boga Moscoso, e como suplente a dona Elisa Pestonit Barreiros.

Décimo: Nomear representantes da Corporación na Xunta Local de Protección Civil ao alcalde don Óscar A. García Patiño, ao concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente don Juan González Leirós, ao concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos don Augusto Rey Moreno e ao concelleiro delegado da Área de Benestar Social e Educación don Jesús Bao Bouzas.

Décimo primeiro: Nomear representantes da Corporación na Mesa de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero ao alcalde don Óscar A. García Patiño e ao concelleiro delegada da Área de Benestar Social e Educación don Jesús Bao Bouzas.

Décimo segundo: Nomear representantes da Corporación na Mesa Local de Comercio ao alcalde don Óscar Alfonso García Patiño e á concelleira delegada da Área de Promoción Socioeconómica dona M^a Dolores Blanca García Fernández.”

8. Proposta de aprobación do número, características e retribucións do persoal eventual

Vista a proposta da Alcaldía de data 29 de xuño de 2015 que consta do seguinte teor literal:

Modificar o cadro de persoal e a relación de postos de traballo do Concello de Cambre en vigor segundo se indica a continuación:

- a) Supresión dos dous postos e prazas de asesores de persoal eventual.
- b) Creación das seguintes prazas de persoal eventual coas denominacións e retribucións brutas anuais que se indican:

Praza de persoal eventual	Importe bruto anual
Asesor/a Alcaldía	22.059,00 euros
Secretaria/o de Benestar Social	22.059,00 euros
Secretaria/o de Obras e Servizos	22.059,00 euros

- c) Creación dos seguintes postos de traballo na relación de postos de traballo:

Posto	Funcións	Subgrupo	Comp. Destino	Comp. Específico
Asesor/a Alcaldía	De confianza	C – 2	18	8.153,36
Secretaria/o de Benestar Social	De confianza	C – 2	18	8.153,36
Secretaria/o de Obras e Servizos	De confianza	C – 2	18	8.153,36

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, explica que por parte do equipo de goberno e do alcalde, propónse a creación de tres prazas de persoal eventual, denominadas asesor de Alcaldía, secretario de Benestar Social e secretario de Obras e Servizos, que van ter como labores desempeñar apoio auxiliar ao que son os labores de cada área, en concreto da Área de Obras e Servizos e da Área de Benestar Social.

A asistencia que teñen por parte da estrutura estable da administración, dos funcionarios, en canto a este tipo de labores, fai que, en caso de asimilar persoal auxiliar ao traballo cos diferentes equipos, tanto de Benestar Social como de Obras e Servizos, estarían desmontando servizos e departamentos xa existentes na actualidade e a realidade é que a estrutura funcional e de persoal laboral é curta, polo tanto, entenden que é necesario, coa mesma achega económica que estaba recollida nos orzamentos do ano 2014, orzamentos que están prorrogados na actualidade, crear eses tres postos de persoal eventual que terán unha retribución anual, cada un deles, de 22.059 euros.

Conclúe dicindo que deses tres postos, dous se crearán e incorporarán ao persoal dunha forma inmediata, e o terceiro estará pendente da súa incorporación ao longo do ano 2016.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que por definición legal o persoal eventual é o que presta exclusivamente funcións de confianza ou asesoramento especial, isto é, tarefas de carácter político que en ningún caso supoñan intervención nin participación no funcionamento ou xestión administrativa.

Na presente sesión plenaria propónse a creación de tres prazas de persoal eventual, un asesor de Alcaldía, un secretario de Benestar Social e un secretario de Obras e Servizos. Di que resulta de todo contrario ao sentido común, dito sexa con todos os respectos, que o cargo de asesor de Alcaldía, a persoa que polos seus especiais coñecementos sobre o Goberno municipal vai suplir ou complementar os coñecementos do alcalde, a falta de saber quen será a persoa concreta que cubrirá o posto, vai ser alguén con categoría C-2, isto é, categoría de auxiliar administrativo, o que non lle permite pensar positivamente.

Respecto da creación dunha secretaría de Obras e Servizos, di que tampouco resulta coherente a creación da praza de secretario nunha concellería cuxo titular non vai percibir máis asignación que as de asistencias a órganos colexiados, o que igualmente non lles trae bos augurios.

Máis grave resulta a creación dunha secretaría de Benestar Social, nunha concellería que se divide en tres, co pertinente nomeamento dos tres respectivos concelleiros, aos que agora se quere engadir unha persoa máis, esta vez persoal de confianza. É especialmente grave porque o que ata o momento era o traballo dunha soa persoa, a concelleira M^a Jesús González Roel, pasa agora a realizarse por tres concelleiros, que ademais necesitan dun secretario, ou o que é o mesmo, con esta proposta van pasar a ter na antiga concellería de Benestar Social, Educación e Sanidade, un político por cada dous funcionarios dos que se atopan ao servizo da concellería.

Di que a conclusión é clara, ou se dubida de que os designados poden levar adiante o seu cometido como concelleiros, para o cal se reparte a concellería en pequenas áreas, minimizando as súas competencias e o impacto sobre elas, ou se trata de crear cargos ou postos onde colocar afíns que controlen o traballo dos funcionarios municipais. Todo o contrario ao espírito do cargo de concelleiros ou de persoal eventual.

Feita esta exposición, el pediríalle ao Sr. alcalde que retirara este punto da orde do día para discutilo, porque se non o fai vanse ver na necesidade de votar en contra.

Tamén lle pide ao Sr. alcalde que o perdoe, pero que lle di isto porque unha cousa que o Sr. García Patiño lle achacou durante 27 plenos no pasado mandato, era que ían con présa, e el cre que este pleno tamén o ten convocado el con bastante présa. Lembra que en xullo do ano 2011 el convocou o pleno o día 4 para celebralo o día 12, e este ano convocan o pleno o día 29 para celebralo o día 2. Por iso lle pide que este punto o saque da orde do día, para consensualo con toda a oposición, e está seguro de que chegarán a un acordo.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que por parte do seu grupo existen dous motivos basicamente que tamén os levan a solicitar que este punto quede enriba da mesa. O primeiro deses motivos coincide en que é a insuficiente antelación coa que se lles deu a coñecer esta proposta aos grupos da oposición. A documentación relativa a este punto chegoulles aos correos electrónicos o martes ás 12:20 da mañá.

Un tema da importancia que lles ocupa, no caso do seu grupo ademais organizándose de xeito asembleario, é de necesaria consulta cos membros da súa asemblea. Esa consulta, debate e toma de decisión non resulta posible con tan pouca antelación. Nun tema do calado que é, coidan moi precipitada a proposta.

Outro dos motivos polos que solicitan que este punto quede enriba da mesa para o seu debate máis pormenorizado é que están a falar da constitución de tres postos de persoal de confianza nun Goberno formado por dez concelleiros. Insiste en que é un tema de tanto calado que, non de cara aos grupos soamente, senón tamén de cara aos veciños entende que non está suficientemente explicada a necesidade, basicamente, de ter que dispoñer dese persoal eventual.

Debatelo neste momento, coa información que teñen e coas explicacións dadas polo Goberno, entenden que sería pasar de puntillas. Considera que hai tempo para facelo, para falalo, para darlle unha volta, porque a priori, con esta présa e con esta información o seu grupo non se atopa en disposición de apoiar este punto.

Concedida a palabra a don Daniel Carballeda Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo tamén fan un chamamento a retirar o punto da orde do día, se non o seu voto sería negativo.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que dende o seu grupo consideran que efectivamente a información chegou tarde, e houbo moi pouco tempo para valorala. Non obstante, danlle unha marxe ao equipo de goberno para deseñar a súa estrutura, nese sentido dilles que entendan que se van abster, dado que prefiren agardar a ver os resultados dese organigrama.

Toma a palabra o Sr. alcalde para sinalar que, efectivamente, coméntalle a Sra. secretaria que poden retirar este punto da orde do día, porque se enviou tarde, polo tanto, di que van retiralo co fin de discutilo e traballalo un pouco máis. Di que senten a présa como se fixo, e como a Sra. secretaria lle confirma que efectivamente se enviou tarde, van retiralo da orde do día.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad manifesta que el pediríalle ao Sr. alcalde que retirara tamén o punto número 9, porque está nas mesmas condicións.

O Sr. alcalde contesta que non, que o número 9 van pasar a lelo.

9. Proposta de Alcaldía respecto da determinación dos cargos da Corporación a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva e parcial, as súas retribucións, réxime de dedicación, así como fixación das contías a percibir en concepto de asistencias e indemnizacións

Vista a proposta da Alcaldía de data 29 de xuño de 2015 que consta do seguinte teor literal:

“**A**) O artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (e no mesmo sentido o artigo 18 do Regulamento orgánico municipal), establece :

“1. Os membros das Corporacións percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos **cando os desempeñen con dedicación exclusiva** e, neste caso, serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pagamento das cotas empresariais que corresponda, agás o disposto no artigo anterior (art. 74 relativo aos membros en situación de servizos especiais).”

No suposto destas retribucións, a súa percepción será incompatible coa doutras retribucións con cargo aos orzamentos das administracións públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

2. Os membros das Corporacións **que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial** por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva a estas, e nestes casos serán igualmente dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social en tal concepto, asumindo as Corporacións as cotas empresariais que corresponda, agás o disposto no artigo anterior. As ditas retribucións non poderán superar en ningún caso os límites que se fixen, no seu caso, nas Leis de orzamentos xerais do Estado. Nos acordos plenarios de determinación dos cargos que leven parella esta dedicación parcial e das retribucións destes, **deberase conter o réxime da dedicación mínima necesaria para a percepción destas retribucións.**

Os membros das Corporacións locais que sexan persoal das administracións públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes soamente poderán percibir retribucións pola súa dedicación parcial ás súas funcións fóra da súa xornada nos seus respectivos centros de traballo, nos termos sinalados no artigo 5 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, sen prexuízo do disposto no apartado sexto do presente artigo (Apartado 6, respecto do dereito que lles asiste a gozar de permisos polo tempo indispensable para o desempeño do cargo electivo de concelleiro)."

En definitiva, deseña un sistema retributivo dos corporativos consistente nos rexímenes de dedicación exclusiva e/ou dedicación parcial, en ambos casos con cobertura social e incompatibilidade para percibir asignacións ou axudas de custo por asistencia a sesións de órganos colexiados.

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local introduce dous artigos á Lei 7/1985, o 75 bis e o 75 ter.

O artigo 75 bis da Lei 7/1985, respecto do réxime retributivo dos membros das Corporacións locais e do persoal ao servizo das entidades locais establece que:

"1. Os membros das Corporacións locais serán retribuídos polo exercicio do seu cargo nos termos establecidos no artigo anterior. Os orzamentos xerais do Estado determinarán, anualmente, o límite máximo total que poden percibir os membros das Corporacións locais por todos os conceptos retributivos e asistencias, excluídos os trienios aos que no seu caso teñan dereito aqueles funcionarios de carreira que se atopen en situación de servizos especiais, atendendo entre outros criterios á natureza da Corporación local e á súa poboación segundo a seguinte táboa:

Habitantes	Referencia
Máis de 500.000	Secretario de Estado
...	...
20.001 a 50.000	Secretario de Estado – 45%
...	...

(....)"

Pola súa parte, o artigo Undécimo, apartado 3, do Real decreto-lei 1/2014, do 24 de xaneiro, de reforma en materia de infraestruturas e transporte, e outras medidas económicas (BOE nº 22, do 25 de xaneiro), inclúe unha nova Disposición adicional nonaxésima na Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o 2014, onde se determina o límite máximo total que poden percibir os membros das Corporacións locais por todos os conceptos retributivos aludidos no seu artigo 22 Dos -soldo, complemento de destino, complemento específico e produtividade, máis dúas pagas extraordinarias:-

Habitantes	Referencia
Máis de 500.000	100.000 €
...	...
20.001 a 50.000	55.000 €
...	...

En canto ao artigo 75 ter da Lei 7/1985, este artigo establece unha limitación no número dos cargos públicos das entidades locais con dedicación exclusiva:

“1. De conformidade co establecido no artigo 75 desta lei, a prestación de servizos nos concellos en réxime de dedicación exclusiva por parte dos seus membros deberá axustarse en todo caso aos seguintes límites (...):

*g) Nos concellos de municipios con poboación comprendida entre 20.001 e 35.000 habitantes, os membros que poderán prestar os servizos en réxime de dedicación exclusiva **non excederá de dez.**”*

Corresponde ao Pleno da Corporación, a proposta do presidente, determinar, dentro da consignación contida para este fin no orzamento, a relación dos cargos da Corporación que poderán desempeñarse **en réxime de dedicación exclusiva ou parcial**, e con dereito a retribución, así como as contías que lles correspondan a cada un deles tendo en conta o seu grao de responsabilidade.

B) O artigo 20.2 do Regulamento orgánico municipal, en concordancia co artigo 75.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, establece que:

“2 - Só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, na contía que sinale o Pleno dela. Non obstante, todos poderán percibir esta clase de indemnizacións cando se trate de órganos rectores de organismos dependentes da Corporación local que teñan personalidade xurídica independente, de consellos de administración de empresas con capital ou control municipal ou de tribunais de probas para a selección do persoal.”

C) O artigo 20.1 do Regulamento orgánico municipal, en concordancia co artigo 75.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, establece que:

“1 - Todos os membros da Corporación, incluídos os que desempeñen cargos en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, percibirán indemnizacións polas despesas ocasionadas polo exercicio do cargo, cando sexan efectivas, e logo da súa xustificación documental, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas, e as que en desenvolvemento delas aprobe o Pleno corporativo.”

Á súa vez, o artigo 21 do Regulamento orgánico municipal establece que:

“1 - Todos os membros da Corporación, incluídos os que desempeñen cargos en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, terán dereito a percibir indemnizacións por desprazamento, manutención, aloxamento e outros gastos ocasionados como consecuencia directa do exercicio do cargo.

2 - A contía deste tipo de indemnizacións fixarase polo Pleno do Concello, establecéndose a forma de percepción e os termos da súa xustificación nas bases de execución do orzamento anual.

En ningún caso estas indemnizacións serán inferiores ás que puideran corresponderlles en aplicación da normativa estatal que as regula.

.....”

D) O artigo 22.3 do Regulamento orgánico municipal establece que:

“3 - Publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de anuncios da Corporación e páxina web municipal, os acordos plenarios referentes a retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial e réxime de dedicación destes últimos, indemnizacións e asistencias,”

Tendo en conta canto antecede e as grandes áreas nas que se estruturan os servizos municipais, formulo á Corporación a seguinte proposta de acordos a adoptar:

Primeiro: Determinar os seguintes cargos da Corporación para o seu desempeño en réxime de dedicación exclusiva cos dereitos e as obrigas que iso comporta, e coa retribución bruta anual (sen ter en conta a antigüidade a abonar por a administración de orixe en caso de servizos especiais) seguinte:

- Concellería da Área de Urbanismo e Medio Ambiente: 40.000 €
- Concellería da Área de Benestar Social e Educación: 40.000 €
- Concellería da Área de Cultura e Tradicións populares: 27.000 €
- Concellería da Área de Deportes, Xuventude e Ocupación do tempo libre: 24.000 €
- Concellería da Área de Desenvolvemento Socioeconómico: 24.000 €
- Concellería con delegación especial dos servizos correspondentes ás Políticas de Igualdade, Muller e Familia, integrados na Área de Benestar e Educación : 24.000 €
- Concellería con delegación especial dos servizos correspondentes ás Políticas de Terceira Idade e Acción Voluntaria, integrados na Área de Benestar e educación : 24.000 €

Segundo: Determinar o seguinte cargo da Corporación para o seu desempeño en réxime de dedicación parcial, cunha dedicación mínima de 32 horas semanais, preferentemente de 8:30 a 15:00 horas, de luns a venres, e coa retribución bruta anual seguinte:

- Alcalde-presidente: 32.000 €

Terceiro: As retribucións dos concelleiros estarán suxeitas ás variacións que se fixen para o persoal das administracións públicas na Lei de orzamentos xerais do Estado.

Cuarto: Os membros da Corporación que non teñan dedicación parcial percibirán pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte as seguintes contías:

- Plenos: 200 €
- Comisións Informativas: 100 €
- Xunta de Voceiros: 100 €
- Xunta de Goberno Local: 250 €

A asistencia a varias sesións do Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas e Xunta de Voceiros que teñan lugar nun mesmo día, computaranse como unha soa asistencia.

Quinto: Os membros da Corporación que realicen comisións de servizo fóra do termo municipal terán dereito a ser indemnizados mediante axudas de custo polo importe establecido para o Grupo I no Real decreto 462/2002, do 24 de maio. Terán, así mesmo, dereito a ser indemnizados polos desprazamentos que realicen dentro do termo municipal por razón de servizo.

En todo caso, no relativo ao réxime de xustificación e abono das indemnizacións, resultará de aplicación o sinalado no Real decreto 462/2002 e demais normativa estatal vixente na materia.

Sexto: De conformidade co establecido no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal, en concordancia co artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, publíquense integramente no *Boletín Oficial da Provincia*, taboleiro de anuncios da Corporación e páxina web municipal, os anteriores acordos."

Visto que a citada proposta foi modificada pola proposta da Alcaldía de data 1 de xullo de 2015, que consta do seguinte teor literal:

"Vista a proposta desta Alcaldía do día 29 de xuño de 2015 respecto dos cargos da Corporación a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva e parcial, as súas retribucións, réxime de dedicación, así como fixación das contías a percibir en concepto de asistencias e indemnizacións.

Tendo en conta o debate efectuado na reunión que onte mantiven na Alcaldía municipal cos voceiros de todos os grupos municipais, se procede a modificar a proposta formulada por esta Alcaldía o día 29 de xuño de 2015 e, polo tanto, propono ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

Primeiro: Determinar os seguintes cargos da Corporación para o seu desempeño en réxime de dedicación exclusiva cos dereitos e as obrigas que iso comporta, e coa retribución bruta anual (sen ter en conta a antigüidade a abonar por a administración de orixe en caso de servizos especiais) seguinte:

- Concellería da Área de Urbanismo e Medio Ambiente: 40.000 €
- Concellería da Área de Benestar Social e Educación: 40.000 €
- Concellería da Área de Cultura e Tradicións populares: 27.000 €
- Concellería da Área de Deportes, Xuventude e Ocupación do tempo libre: 24.000 €
- Concellería da Área de Desenvolvemento Socioeconómico: 24.000 €
- Concellería con delegación especial dos servizos correspondentes ás Políticas de Igualdade, Muller e Familia, integrados na Área de Benestar e Educación : 24.000 €
- Concellería con delegación especial dos servizos correspondentes ás Políticas de Terceira Idade e Acción Voluntaria, integrados na Área de Benestar e educación : 24.000 €

Segundo: Determinar o seguinte cargo da Corporación para o seu desempeño en réxime de dedicación parcial, cunha dedicación mínima de 32 horas semanais, preferentemente de 8:30 a 15:00 horas, de luns a venres, e coa retribución bruta anual seguinte:

- Alcalde-presidente: 32.000 €

Terceiro: As retribucións dos concelleiros estarán suxeitas ás variacións que se fixen para o persoal das administracións públicas na Lei de orzamentos xerais do Estado.

Cuarto: Os membros da Corporación que non teñan dedicación parcial percibirán pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte as seguintes contías:

- Plenos: 200 €
- Comisións Informativas: 150 €
- Xunta de Voceiros: 100 €
- Xunta de Goberno Local: 250 €
- Mesa de Contratación: 60 €

A asistencia a varias sesións do Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas, Xunta de Voceiros e Mesa de Contratación que teñan lugar nun mesmo día, computaranse como unha soa asistencia.

Quinto: Os membros da Corporación que realicen comisións de servizo fóra do termo municipal terán dereito a ser indemnizados mediante axudas de custo polo importe establecido para o Grupo I no Real decreto 462/2002, do 24 de maio. Terán, así mesmo, dereito a ser indemnizados polos desprazamentos que realicen dentro do termo municipal por razón de servizo.

En todo caso, no relativo ao réxime de xustificación e abono das indemnizacións, resultará de aplicación o sinalado no Real decreto 462/2002 e demais normativa estatal vixente na materia.

Sexto: De conformidade co establecido no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal, en concordancia co artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, publíquense integramente no *Boletín Oficial da Provincia*, taboleiro de anuncios da Corporación e páxina web municipal, os anteriores acordos.”

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, explica que por parte do Sr. alcalde propónse o réxime de dedicacións. En réxime de dedicación exclusiva estarían a Concellería da Área de Urbanismo e Medio Ambiente, cunha retribución de 40.000 euros anuais; a Concellería da Área de Benestar Social e Educación, con 40.000 euros anuais; a Concellería da Área de Cultura de Tradicións Populares, con 27.000 euros; a Concellería da Área de Deportes, Xuventude e Ocupación do tempo libre, con 24.000 euros; a Concellería da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, con 24.000 euros; a Concellería con delegación especial dos servizos correspondentes ás Políticas de Igualdade, Muller e Familia, integrados na Área de

Benestar e Educación, 24.000 euros; e a Concellería con delegación especial dos servizos correspondentes ás Políticas de Terceira Idade e Acción Voluntaria, integrados na Área de Benestar e Educación, 24.000 euros. En réxime de dedicación parcial estaría o alcalde-presidente, cunha retribución anual de 32.000 euros.

En canto aos membros da Corporación que non teñen dedicación, tanto estean no Goberno como nos grupos da oposición, percibirían pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados as contías por asistencia de: plenos, 200 euros; comisións informativas, 150 euros; xunta de voceiros, 100 euros; xunta de goberno local, 250 euros; e mesas de contratación, 60 euros.

Continúa dicindo, en canto ás asignacións por asistencia a órganos colexiados, que se mantén a contía dos plenos. As comisións informativas, antes estaban en 100 euros e agora soben a 150, tendo en conta que van ter unha especial capacidade de deliberación e traballo. A xunta de voceiros mantense no importe que tiña ata este momento, 100 euros. A xunta de goberno local que estaba na anterior lexislatura establecida en 450 euros, baixa a 250. E créase a asignación por asistencia a mesas de contratación, que non tiña ningún tipo de retribución e que se fixa en 60 euros.

Toma a palabra o Sr. alcalde para informar que hai unha emenda parcial presentada polo PP.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, dá lectura ao escrito rexistrado de entrada ao núm. 0/6187 o día 1 de xullo de 2015, que consta do seguinte teor literal:

“Manuel Rivas Caridad, voceiro do Grupo Municipal Popular no Concello de Cambre, á vista da proposta de Alcaldía con data 29 de xuño de 2015, pola que se determinan os cargos da Corporación municipal a desempeñar en réxime de dedicación parcial ou exclusiva, as súas retribución, réxime de dedicación, así como a fixación das contías a percibir en concepto de asistencias e indemnizacións e que será tratada no punto 9 da orde do día no pleno que se celebrará o vindeiro 2 de xullo de 2015, DIGO:

Primeiro: Que na Xunta de Voceiros celebrada o día 30 de xuño de 2015, acordouse por todos os grupos municipais, a redución do número de membros integrantes das comisións informativas, que pasan de 13 a 9 representantes.

Segundo: Que tendo en conta, que pola citada proposta de Alcaldía, prodúcese unha redución do número de comisións informativas, que pasan de catro a tres, máis a Comisión Especial de Contas e considerando que o Grupo Municipal Popular, ve minorada a súa representación nos órganos colexiados da Corporación, así como a súa capacidade para o exercicio da súa función de oposición,

SOLICITO ao alcalde-presidente do Concello de Cambre:

Que con base no artigo 115.1 e) do Regulamento orgánico municipal, dea por cumprida e tome en consideración a seguinte emenda ao punto cuarto da proposta de Alcaldía, relativo ao punto 9 da orde do día, e se acepte e debata a proposta de modificar a contía a percibir por asistencia ás sesións plenarias, para que estas sexan retribuídas na contía de 300 euros, para cada un dos membros da Corporación que non teña atribuída dedicación exclusiva ou parcial por sesión plenaria.”

Don Manuel Rivas Caridad explica que o desexo do seu grupo é que esta proposta non fora votada como conxunto, senón que o punto 9 fora votado en dúas partes, unha as asistencias a órganos colexiados e a outra o acordo das retribucións ás concellerías.

Toma a palabra o Sr. alcalde e contesta que non, que a proposta é única, é a mesma proposta que se levou no ano 2011, exactamente a mesma proposta que o PP trouxo a este pleno, a mesma que eles traen agora neste momento. O que si queren aclarar antes de votar a emenda, é que o PP aclare que o único punto ao que se refiren é a contía dos plenos, pasar de 200 a 300 euros, exclusivamente ese punto. Se é así, pasarán á votación da emenda.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad di que a emenda é precisamente porque quedaron, en conversas cos voceiros, en subir as comisións informativas a 200 euros, e porque baixou a representatividade. Di que o que tocaría por porcentaxe representativa no pleno sería ir a 13 concelleiros nas comisións informativas, tendo o PP 4 concelleiros, 3 UxC, 3 PSdeG-PSOE e 1 o resto dos grupos.

Aceptaron a proposta de reduci-lo a 9 (2-2-2-1-1-1), e falaron de que para que non saíran prexudicados, polo menos que se garantira que as tres comisións informativas se ían celebrar sempre as tres, e que a retribución desas comisións sería de 200 euros, iso foi o que lle transmitiron a el, como voceiro do PP, hoxe por teléfono.

O Sr. alcalde manifesta que o acordo ao que chegaron o outro día na xunta de voceiros, e se non foi así que lle corrían o resto de voceiros, foi de 150 euros para as comisións informativas. Esa foi a única proposta que se fixo na xunta de voceiros, ou iso cre lembrar.

Por outra parte di que claro que van estar as tres comisións informativas convocadas. Para os plenos vanse convocar as tres comisións.

Don Manuel Rivas Caridad manifesta que el remítese á chamada telefónica que recibiu hoxe do Sr. Augusto Rey, onde lle dixo que as comisións informativas serían 200 euros. Niso entenderanse eles dentro do Goberno, el non ten por que vir aquí a contar outra historia, senón poden votar a emenda e esa é a emenda que o grupo popular presenta.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno reconece que efectivamente esa conversa tivo lugar, pero di que non foi unha proposta. Era unha proposta a cambio da negociación da totalidade do punto, que o PP quere dividir. O PP mantén esa división e non hai apoio a este punto, evidentemente é unha proposta que fixo a título individual, pero que non chegou a ningunha conclusión co PP.

Don Manuel Rivas Caridad dille ao voceiro socialista que o que lle propuxo foi que lería as retribucións hoxe no pleno, que ás comisións informativas lles asignarían 200 euros, e o PP retiraría a emenda. O Sr. Rey leu as retribucións ás comisións informativas e ao pleno e a continuación o PP non puido retirar a emenda que fixeron, dado que non se cumpre co que lle dixo por teléfono.

Don Augusto Rey Moreno dille que están falando de comisións informativas, que non están falando de plenos. Ao Sr. Rivas o que lle preocupaba é que houbera a asistencia de cada concelleiro do grupo popular a unha comisión informativa, e o Sr. alcalde acaba de garantirlle que vai haber tres comisións informativas, polo tanto, todos os concelleiros do PP van ter acceso a un pleno e comisión informativa. Iso é o que hai.

Don Manuel Rivas Caridad pregunta ao Sr. alcalde se llo garante.

O Sr. alcalde contesta que é obrigatorio, non é o que el lle garanta, a Sra. secretaria pode dicirlle que é obrigatorio convocar ás tres comisións informativas.

Don Manuel Rivas Caridad pide que conste en acta que se van convocar as tres comisións informativas, e que conste en acta tamén que eles retiran a emenda se as comisións informativas pasan de 150 a 200 euros, que foi a proposta que lles fixo o Sr. Augusto Rey, hoxe por teléfono.

O Sr. alcalde contesta que a proposta é a que é, a do grupo do goberno. É á que na xunta de voceiros, e que lle corrían o resto de voceiros que estaban alí, chegaron a acordo, 150 euros, esa é a proposta que van facer. En canto á emenda, van votala sempre e cando o PP se refira exclusivamente ao punto da contía respecto dos plenos, unicamente a ese punto. Non van dividir o voto en dous, a proposta é a que é, acepten ou non a acepten.

Don Manuel Rivas Caridad dille que el o que lle pregunta é se van votar primeiro a emenda e despois votan o punto número 9.

O Sr. alcalde contesta que el entende que o que van votar é soamente o cambio de 200 a 300 euros os plenos, exclusivamente.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que ela entende que na emenda, e se non que o Sr. Rivas a corrixa, o acordo que se propón é modificar a contía a percibir por asistencias a sesións plenarias para que sexan retribuídas na contía de 300 euros. Esa é a emenda, con independencia do que falen da proposta, e entende, por unha cuestión de orde que o que van votar agora é esa proposta, subir os plenos de 200 a 300 euros, coas argumentacións que o PP expón na emenda.

Sendo iso así, aproveita a súa intervención para indicar que dende ACdC non van apoiar esta emenda do PP, porque para eles realmente o que supón esa petición é simplemente unha solicitude de incremento das asignacións baixo o argumento dun detrimento sufrido na representación dos órganos colexiados. Se efectivamente ese é o sentir do PP, dende o seu grupo entenden que a loita tería que ser para acadar unha maior representación en relación cos votos acadados nas eleccións e á representación que teñen no Goberno de número de concelleiros.

É máis, pode dicir que entenden que incluso lles correspondería esa maior representación, pero iso non explica que esa ausencia de defensa no punto das comisións informativas, que entende que é onde se debería ter feito por parte do PP, e iso acolléndose ao que se di no texto da emenda. Non se fixo.

Aínda que desta emenda e desta proposta ACdC veríase beneficiada coa suba de 200 a 300 euros, tendo en conta tamén que firmemente pensan que están nun tempo de dar exemplo, e están falando de que van facer unha nova política, non van apoiar esa suba. Entenden que deben empezar por eles mesmos a demostrar que todo o que veñen dicindo desa nova forma de facer política se materializa nas decisións que adoptan.

Ata o de agora fóronse apañando cos 200 euros e nese sentido van votar en contra da emenda do PP.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que a súa postura vai ser directamente non votar. Di que son unha organización, neste caso dous concelleiros, que non son sospeitosos de estar en política por querer enriquecerse, se quixeran e a súa asemblea así o tivera manifestado, están seguros que terían chegado a un común acordo entre os que son a representación institucional e a base militante, e poderían ter participado deste Goberno municipal cobrando salarios como os de 40.000 euros, ou 32.000, ou 27.000 ou 24.000 ou os que se está poñendo libremente este Goberno municipal, ou pretende poñerse en atribución loxicamente das súas funcións, cousa que non negan en absoluto.

Con isto queren dicir, dunha maneira total e absolutamente clara e diáfana, que non son sospeitosos de vir á política a enriquecerse, por pobres que sexan. Polo tanto, non ten ningún sentido, podendo cobrar 40.000 euros, que foran dar unha batalla a cara de can porque os plenos pasaran de cobrarse de 200 a 300 euros, como propón neste caso o PP, con base nunha serie de argumentos que expuxo e que eles non van entrar a valorar.

Por iso simplemente non van votar nin a prol, nin en contra, nin sequera se van abster, directamente van a non votar para manifestar o seu desagrado con ter chegado a esta situación nos inicios dunha lexislatura que, ao seu modo de ver, se houbera un mínimo de sensibilidade por parte de todos, están seguros de que poderían ter chegado a uns acordos e a esta hora estar xa falando doutro tipo de cuestións que realmente preocupan máis aos veciños de Cambre, que non estes trámites administrativos, burocráticos e de organización e remuneración, non só dun Goberno, senón dunha Corporación.

Conclúe dicindo que cren que podería ter sido posible un acordo, de momento non o houbo, por iso a súa postura vai ser directamente non votar.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que na xunta de voceiros quedou acordada a cantidade de 200 euros e parécelles que esta emenda non é necesaria, é máis, parécelles un exceso e van votar en contra. Queren cumprir co que se acordou na xunta de voceiros.

Sometida a emenda presentada polo PP a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PP, votan en contra os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON e a concelleira do GM (C's). Abstéñense de votar os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por trece votos en contra, rexeitou a emenda presentada polo PP mediante escrito rexistrado de entrada ao núm. 0/6187 o día 1 de xullo de 2015.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que, para aclarar a totalidade deses números que se puxeron en coñecemento do Pleno, quere dicir que as retribucións, tanto por dedicacións exclusivas como por dedicacións parciais que se propoñen son xustas en orde a retribuír o labor e responsabilidade dos cargos que van desempeñar estes labores no Goberno e, ao mesmo tempo, son asumibles e proporcionadas á capacidade orzamentaria do concello.

Quere sinalar que na súa totalidade van representar aproximadamente o 1,68% do orzamento municipal prorrogado do 2014, en vigor nestes momentos, e representan unha economía respecto do que viña cobrando na anterior Corporación o Goberno municipal de uns 21.410 euros/ano, isto extrapolando o que é un Goberno de oito, como había na anterior lexislatura, a un Goberno de dez como é o que vai haber a partir destes momentos.

A retribución media de cada concelleiro na anterior lexislatura era de 29.231 euros, e a retribución media de cada concelleiro de goberno nesta lexislatura vai ser de 27.090 euros. Polo tanto, entenden perfectamente xustificada e adecuada á realidade económica e social do municipio as retribucións que se propoñen.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad manifesta que vai separar a súa intervención en dúas partes, unha os cargos da Corporación a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva e parcial. Di que sorprende o feito de que o equipo de goberno conte entre os seus dez membros con sete dedicacións exclusivas e unha dedicación parcial, que é a do Sr. alcalde, porque durante 27 plenos lle deu a el mesmo a vara o actual alcalde co tema da súa dedicación parcial no anterior mandato.

Tamén van dous concelleiros sen dedicación, dos que non saben, polo tanto, cal vai ser a súa dedicación ao concello, horario de atención aos veciños, etc.

Respecto da dedicación parcial do Sr. alcalde reitera que sorprende o feito certo de que na lexislatura anterior consumira os seus esforzos en criticar a dedicación parcial do seu predecesor na Alcaldía, el mesmo. En menos de un mes, isto é, unha vez tomada posesión da Alcaldía, adoptou o criterio do anterior alcalde, demostrando, unha vez máis, unha ausencia de criterio máis que patente, da que se temen van ser espectadores habituais neste mandato que se acaba de inaugurar.

Pero se van ás retribucións do equipo de goberno, sorprende igualmente o cadro de retribucións proposto pola Alcaldía para os membros do Goberno municipal. Dous concelleiros recibirán anualmente 40.000 euros brutos, iso é, superior á do seu propio alcalde, retribución que consideran desproporcionada nestes tempos de crise, e máis aínda se teñen en conta que esa é a retribución do actual alcalde da Coruña. Isto é, dous concelleiros de Cambre van cobrar, se esta proposta sae adiante, máis que o seu propio alcalde e máis que o actual alcalde da Coruña.

Tamén sorprende o feito de que o resto de concelleiros con dedicación exclusiva perciban retribucións de diferente contía, 27.000 euros o concelleiro de Cultura e Tradicións Populares, e 24.000 as catro concelleiras de Deportes, Desenvolvemento Socioeconómico, Igualdade e Terceira Idade. É dicir, a igual traballo, diferente remuneración, todo o contrario do que se predica en teoría dende as filas dos que gobernan en Cambre. E por si fora pouco, sen que se xustifique, como no caso do alcalde, a súa diferente retribución, derivada da representatividade e responsabilidade do cargo que ostentan.

A situación non sería tan grave se non contaran co compoñente engadido de que as menores retribucións de todo o equipo de goberno son as que corresponden ás catro mulleres que o compoñen.

Recapitulando, coa presente proposta de Alcaldía dende o equipo de goberno non se cumpre, nin coa máxima de a igual traballo igual retribución, nin coa de igualdade de retribucións con independencia do sexo, o que resulta intolerable, máxime cando se paga con diñeiro público, diñeiro de todos, e dende unha administración pública que é a casa de todos.

As concelleiras saíntes do PP de Cambre non só cubriron concellerías tradicionalmente complexas, como as de Urbanismo, Facenda, Promoción Económica, e Benestar Social, Sanidade e Educación, senón que percibiron retribucións en contía idéntica á dos seus compañeiros varóns, o que demostra o compromiso real e efectivo das filas do PP co principio de igualdade.

Conclúe dicindo que respecto das atribucións por asistencia remítense ao manifestado no seu escrito de emenda, que xa foi votado e foi rexeitado.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López manifesta que, ao igual que no punto anterior, dende o grupo municipal de ACdC van requirir que este punto quede enriba da mesa para o seu debate, a súa negociación e darlle unha volta bastante gorda, unha volta importante en xunta de voceiros, e vai pasar a xustificar esta petición de retirada da orde do día.

Exactamente igual que no punto anterior, non é este un tema, como xa están a ver, que se poida traer a pleno do xeito en que se trae. Sendo xenerosos poden chegar a pensar, poden chegar a entender que por inexperiencia, falta de tempo e celeridade coa que xurde todo no inicio da configuración dun Goberno, todo poida acelerarse e atropelarse. Iso non significa que a proposta das retribucións non requira, dende o seu punto de vista, debate e acordos previos á súa elevación ao pleno. Por ese motivo non deben ser condescendentes con este tema.

Di que non tiveron a documentación con tempo suficiente, non tiveron marxe de estudo, non tiveron marxe de consulta coas bases, non teñen, dende o seu punto de vista, explicacións e argumentacións suficientes por parte do equipo de goberno en relación con determinadas retribucións que acompañan a esta proposta.

Hai unha serie de liñas vermellas que para o grupo municipal de ACdC se están cruzando nesta proposta, e parécelles imprescindible, por cruzar esas liñas vermellas do seu grupo, unha revisión da totalidade e do conxunto dela, en temas tales como que dous concelleiros vaian percibir 40.000 euros, que nesta proposta sigan sobredimensionando economicamente a xunta de goberno local, ou que todas as dedicacións sexan exclusivas, agás a do Sr. alcalde, que é parcial.

Expón que non están falando tanto de cartos como de contido, por iso fan mención a esas liñas vermellas, esas liñas vermellas ás que dende ACdC fan mención. Son as liñas que eles teñen estipuladas nun código ético que entenden que non só formou parte do seu discurso electoral, senón que formou parte tamén do discurso dos partidos que forman parte do Goberno.

Tampouco deben esquecer que o todo é a suma das partes. Que a totalidade, o groso da cantidade asignada a retribucións, pode ser que nun momento determinado exista a capacidade política de defendelo, pero hai partes, hai liñas vermellas na proposta que dende ACdC requiren ao Goberno que se negocien, por ese motivo van defender que se deixe enriba da mesa, en caso contrario non poderán apoiar este punto.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, manifesta que en relación co expresado pola compañeira de ACdC, eles tamén piden que este punto quede enriba da mesa e se non o seu voto será desfavorable.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo manifesta que eles consideran que cando alguén fai ben o seu traballo e con talento ten que estar ben remunerado, porque se alguén gaña 40.000 euros e fai ben o seu traballo e outro gaña 20.000 e o fai mal, entón non están aforrando 20.000, senón que están tirando 20.000. Parécelles que se ese traballo se fai ben, dende a oposición terán que estar con ollo felino controlando que o Goberno faga unha boa xestión por Cambre, e iso verase se repercute na vida de todos os veciños. Di que oxalá o Goberno chegue un día aquí e diga que teñen que gañar máis porque o teñen feito moi ben, mentres tanto, queren darlles a oportunidade de que demostren que realmente merecen gañar ese diñeiro.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que quixera contestar ás manifestacións do voceiro do PP, Sr. Rivas. Di que non hai peor mentira que as medias verdades, e non hai peor mentira tamén que os silencios intencionados e calar a realidade de catro anos de goberno do PP no que se refire ao seu réxime de retribucións.

O Goberno que se presenta ante o Pleno municipal e ante todos os veciños de Cambre vai ser un Goberno con dedicación exclusiva. Lémbrale ao Sr. Rivas que no seu Goberno sete estaban con dedicación parcial, incluído o alcalde. Dille que lembre que foi el mesmo no pleno, xa que o Sr. Rivas sacou a acta do 12 de xullo do 2011, quen lle dixo ao Sr. Rivas que non entendía como podía haber un alcalde con dedicación parcial, e díxolle que se puxera un soldo en consonancia coa responsabilidade que se lle tiña outorgado. Pero o certo é que tiveron un Goberno medio pensionista, e a realidade viuse na súa xestión.

As retribucións que se establecen, como xa dixo, son proporcionadas á competencia, á responsabilidade e á dedicación que vai ter este Goberno. E se ao Sr. Rivas lle preocupa en concreto a súa situación, que coa área que vai levar, Economía, Facenda, Obras e Servizos, non vai a ter unha retribución, nin unha dedicación exclusiva ou parcial, non vai a cobrar por ese concepto, dille que para el, persoalmente, o diñeiro en política non o é todo. A satisfacción de atender aos seus veciños está por riba do que poida ser unha dedicación económica maior ou menor. Enténdese moi ben retribuído co que vai cobrar por asignacións por asistencias a comisións, plenos, xuntas de goberno e xunta de voceiros. Á parte maniféstalles que a súa dedicación vai ser absoluta e total, como non pode ser doutra forma tendo en conta a área de xestión que se lle ten encomendado. Esa é a realidade.

A realidade é que o anterior Goberno tiña a un concelleiro de Obras e Servizos retribuído por medio de abusivas asistencias a xuntas de goberno local, cun importe de 450 euros, e neste caso a súa retribución por asistencia a xuntas de goberno local, tamén coa mesma periodicidade semanal, vai ser de 250 euros. Entenden que é unha cantidade mínima para facer fronte aos gastos que a súa responsabilidade carrega. Non van cobrar por ir a ver unha obra, por desprazarse co coche propio, quilometraxe nin nada. Na cantidade que van percibir por esas asistencias se lles retribúe toda a súa dedicación e todo o seu servizo ao Concello de Cambre.

Reitera a todos os veciños que son cantidades proporcionadas, rigorosas e adecuadas á capacidade económica deste municipio para facer fronte a elas, e incluso inferiores, en termo medio, ás que se viñan percibindo polo anterior Goberno. Conclúe dicindo que, evidentemente, o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad manifesta que el non se meteu coas retribucións do Sr. Rey para nada, porque realmente non sabe o que vai cobrar como concelleiro de Obras e Servizos, que é unha concellería que ten moito traballo. Tampouco sabe se vai pasar quilómetros ou non os vai pasar, nin se vai meter, o Sr. Marante tampouco pasou ningún e era concelleiro de Obras e Servizos, nin eles tampouco, por suposto.

Pero di que si se vai remitir a que na acta de xuño do 2015, o que o Sr. Rey dixo do Sr. Marante vai calalo, porque está nas actas que as pode coller e que el ten subliñadas. Pero esa non era a súa intervención, el non se vai meter coas retribucións, non pretende meterse coas retribucións. Como dixo a compañeira M^a José, ás veces unha persoa gaña 40.000 e outra 20.000, e ao mellor os 20.000 son tirados. Oxalá gañaran 50.000, el o que se mete é coa distribución que fixeron de retribucións das concellerías tal e como as dividiron.

Pídelle que lle diga, porque a Concellería de Benestar Social ten tres concelleiros, tres, e un secretario. El pediulle ao Sr. alcalde, igual que lle pediron outros grupos, que deixara este punto sobre a mesa para que veña a pleno máis consensuado entre todos, iso foi o que lle pediu e pediullo antes da súa primeira intervención.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que por deferencia e por respecto á decisión do alcalde de Cambre no punto que facía referencia á estrutura do Goberno municipal non quixo entrar a responder ás insinuacións do Sr. Rivas, voceiro do grupo municipal do PP. Dille que se ten excedido coas súas declaracións, e el non pode por menos que responder a esas alusións.

Falou sen entender, sen coñecer a dimensión real do que é a problemática social deste municipio, sen coñecer realmente a dimensión do que está pasando aí fóra, sen coñecer as ratios de atención inaceptables que dende o Departamento de Servizos Sociais se están tendo respecto dos cidadáns, sen coñecer a transversalidade na xestión das súas compañeiras, das que dende aquí, evidentemente, ten que defender a súa plena honorabilidade. Estase cuestionando a súa proxección de xestión, sen tan sequera ter iniciado, por desgraza, o dito labor.

E por último di que non van ser tres concelleiros para facer o que antes facía unha concelleira, á que dende logo el respecta na súa xestión, non vai ser iso, van ser tres concelleiros os que van facer o que fixo a concelleira de Servizos Sociais e, sobre todo, e por riba de todo, o que non fixo.

Toma a palabra o Sr. alcalde para darlle unha última intervención ao Sr. Rivas.

Concedida a palabra ao voceiro do PP manifesta que el cre que agora mesmo foi o Sr. Bao o que se extralimitou. El o que lle di é que colocan, e leuno o Sr. alcalde, na Concellería de Benestar Social e Educación, colocan a tres concelleiros, a tres políticos e a un secretario. Pídelle que non lle diga que non porque iso leuno o Sr. alcalde.

A Sra. Concelleira dona M^a Jesús González Roel, aquí presente, durante os catro anos que el estivo de alcalde, facía ese traballo cos funcionarios. O Sr. Bao o que está dicindo é que os funcionarios son uns inútiles, os técnicos que hai alí, e que necesitan catro políticos, e el cre que non.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que iso non o dixo o concelleiro delegado.

Don Manuel Rivas Caridad recoñece que non o dixo, de acordo, que se retracta do que dixo, pero que cando o Sr. Bao fala de que non cobren a ratio a algo se refire. Pide que lle diga se os funcionarios durante eses catro anos non atenderon aos veciños, oito funcionarios que están alí, aos cales hai que sacarles o sombreiro, porque fixeron un traballo excepcional e son, ao fin e ao cabo, os que fan o traballo máis duro, porque o político soamente decide onde hai que facelo e comunica o que hai que facer.

Dí que el non se meteu nese sentido co Sr. Bao, el simplemente lle di que cre que esa distribución de concellerías que fixeron, con catro concelleiros nunha soa concellería, máis un secretario, cre que hai que reestruturalo e pide que este punto quede sobre a mesa e que o discutan entre todos e cheguen a un consenso, que seguro que chegan, seguro.

O Sr. alcalde reitera que unha última intervención e que pasan logo á votación.

Don Jesús Bao Bouzas dille que si, que moi brevemente. Sinala que teñen pasado de un a tres, logo dicía o Sr. Rivas catro concelleiros. Non sabe cantos concelleiros adscribe á área social, non a Benestar Social. A Concellería de Benestar Social, como ben sabe o Sr. Rivas porque ten a documentación para iso, vai ostentala el mesmo.

Continúa dicindo que ten sido claro, entende, na súa argumentación, en que foi moi respectuoso co labor que se ten feito ata o de agora, claro que si, e vaia por diante o seu recoñecemento ao dito labor, dende o punto de vista técnico, por suposto, que el non ten falado para nada dese extremo, e por suposto tamén dende o punto de vista político.

O de que se retire ou non da orde do día non lle corresponde a el, como ben saben e, polo tanto, como non pode ser doutro modo, el defende, porque a coñece, a proxección e a capacidade, e porque entende que deben dimensionar se cabe aínda máis, o que os veciños están demandando, nada máis.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López manifesta que simplemente por facer unha pequena puntualización, un pequeno comentario ao fío desta pequena disputa ou destes pratos que se están tirando e que ela respecta que o fagan, pero por intentar poñer un pouco de luz a este punto, o que si parece é que por unhas cousas ou por outras existe un sentir unificado en que este punto se teña que revisar, por unhas cousas ou por outras cada un expuxo as súas inquiredanzas.

Si é certo, e iso é tamén xa unha forma de entender a política, que tampouco lle parece demasiado acertado o argumento que se está utilizando de que alguén poida demostrar a súa valía máis ou menos en función do que cobre. É dicir, a ela agora mesmo case lle soben os plenos a 300 euros, pero vai ser exactamente a mesma con 200 que con 300. Entende que por xustaposición calquera dos concelleiros, con atribucións ou sen elas, o farán do mesmo xeito.

Non están, polo menos dende ACdC, poñendo en cuestión a capacidade operativa que poidan chegar a desenvolver calquera das persoas que se atopan dentro do equipo de goberno, o que están solicitando é a revisión das partes, a revisión das atribucións que en moitos casos traspasan o que xa definiu, e para non repetirse, como liñas vermellas. Dí que por iso reiteran esa, máis que petición, necesidade de estudar este punto.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que non, que van levar adiante este punto, primeiro porque este punto si que se deu en tempo e forma ao resto dos grupos políticos, non hai ningunha dúbida ao respecto, polo tanto, van levalo a cabo. Simplemente facer unha matización, porque el tamén está de acordo co que dixo o Sr. Carballada, tampouco vén á política a enriquecerse, está de acordo con el nese ámbito tamén.

Don Daniel Carballada Rodríguez intervéñ para sinalar que el en ningún modo pretendeu, que quede total e absolutamente claro, establecer unha comparativa no sentido de dicir que o Sr. alcalde si o pretendía. Iso de modo ningún. El estaba falando dunha cuestión que lles afectaba unicamente a eles, que non lle afectaba ao Sr. alcalde, porque o Sr. alcalde non cobra asistencias polos plenos, xa ten unha dedicación cuasiexclusiva. De modo ningún trataba de establecer esa comparativa, porque se o pensara, teríallo dito, como non o pensa, non o dixo.

O Sr. alcalde dille que el simplemente se sumou ao que o Sr. Carballada dixo, nada máis.

Don Daniel Carballada Rodríguez dille que no seu carro non vai todo o mundo á misa.

O Sr. alcalde respóndelle que no seu tampouco e sinala que van pasar á votación.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE e a concelleira do GM (C's), e votan en contra os seis concelleiros do PP, os dous concelleiros de ACdC-SON e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por once votos a prol, acordou:

Primeiro: Determinar os seguintes cargos da Corporación para o seu desempeño en réxime de dedicación exclusiva cos dereitos e as obrigas que iso comporta, e coa retribución bruta anual (sen ter en conta a antigüidade a abonar por a administración de orixe en caso de servizos especiais) seguinte:

- Concellería da Área de Urbanismo e Medio Ambiente: 40.000 €
- Concellería da Área de Benestar Social e Educación: 40.000 €
- Concellería da Área de Cultura e Tradicións populares: 27.000 €
- Concellería da Área de Deportes, Xuventude e Ocupación do tempo libre: 24.000 €
- Concellería da Área de Desenvolvemento Socioeconómico: 24.000 €
- Concellería con delegación especial dos servizos correspondentes ás Políticas de Igualdade, Muller e Familia, integrados na Área de Benestar e Educación : 24.000 €
- Concellería con delegación especial dos servizos correspondentes ás Políticas de Terceira Idade e Acción Voluntaria, integrados na Área de Benestar e educación : 24.000 €

Segundo: Determinar o seguinte cargo da Corporación para o seu desempeño en réxime de dedicación parcial, cunha dedicación mínima de 32 horas semanais, preferentemente de 8:30 a 15:00 horas, de luns a venres, e coa retribución bruta anual seguinte:

- Alcalde-presidente: 32.000 €

Terceiro: As retribucións dos concelleiros estarán suxeitas ás variacións que se fixen para o persoal das administracións públicas na Lei de orzamentos xerais do Estado.

Cuarto: Os membros da Corporación que non teñan dedicación parcial percibirán pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte as seguintes contías:

- Plenos: 200 €
- Comisións Informativas: 150 €
- Xunta de Voceiros: 100 €
- Xunta de Goberno Local: 250 €
- Mesa de Contratación: 60 €

A asistencia a varias sesións do Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas, Xunta de Voceiros e Mesa de Contratación que teñan lugar nun mesmo día, computaranse como unha soa asistencia.

Quinto: Os membros da Corporación que realicen comisións de servizo fóra do termo municipal terán dereito a ser indemnizados mediante axudas de custo polo importe establecido para o Grupo I no Real decreto 462/2002,

do 24 de maio. Terán, así mesmo, dereito a ser indemnizados polos desprazamentos que realicen dentro do termo municipal por razón de servizo.

En todo caso, no relativo ao réxime de xustificación e abono das indemnizacións, resultará de aplicación o sinalado no Real decreto 462/2002 e demais normativa estatal vixente na materia.

Sexto: De conformidade co establecido no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal, en concordancia co artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, publíquense integramente no *Boletín Oficial da Provincia*, taboleiro de anuncios da Corporación e páxina web municipal, os anteriores acordos.

10. Proposta de Alcaldía de asignación dunha dotación económica aos grupos políticos municipais

Vista a proposta da Alcaldía de data 29 de xuño de 2015 que consta do seguinte teor literal:

“O artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na modificación dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, establece que o pleno da Corporación, con cargo aos seus orzamentos anuais, poderá asignar aos grupos políticos unha dotación económica que deberá contar cun compoñente fixo, idéntico para todos os grupos e outro variable, en función do número de membros de cada un deles, dentro dos límites que, no seu caso, se establezan con carácter xeral nas leis de orzamentos xerais do Estado e sen que poidan destinarse ao pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación, que poñerán a disposición do pleno da Corporación, sempre que este o pida.

O artigo 12 do Regulamento orgánico municipal reproduce textualmente o contido do artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Tendo en conta canto antecede, propoño á Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Asignar a cada grupo político que compón a Corporación unha dotación económica co fin de colaborar nos gastos correntes necesarios para o desenvolvemento da súa actuación como grupo político municipal, cos seguintes criterios de reparto:

- | | |
|--|---------------------------------------|
| a) Compoñente fixo de asignación: | 2.000 €/ano |
| b) Compoñente variable: | 1.000 €/ano por cada membro do grupo: |
| - PP (6 concelleiros): | 6.000 €/ano |
| - UxC (5 concelleiros): | 5.000 €/ano |
| - PSdeG-PSOE (5 concelleiros): | 5.000 €/ano |
| - Asemblea Cidadá
de Cambre (2 concelleiros): | 2.000 €/ano |
| - BNG (2 concelleiros): | 2.000 €/ano |
| - GM (1 concelleiro): | 1.000 €/ano |

Segundo: As dotacións económicas tanto a de compoñente fixo como a de compoñente variable, aboaranse a cada grupo político semestralmente.”

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON e a concelleira do GM (C's), e votan en contra os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por dezanove votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e corenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente
Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral
M^a Luisa de la Red Ampudia